



# Auditores Asociados



An Independent member of  
**15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA** – Avda. Fernando de Casas Novoa, 37 Edificio CNL - Portal B - 3<sup>ª</sup> Planta / Tlf.: 981 562 880 - Fax: 981 581 561 - e-mail: galicia@auditoresasociados.com  
**38003 TENERIFE** – C/Fuente de Santa Cruz, nº 3 - Portal Oficina 4<sup>ª</sup> Planta. Tlf.: 922 019 086. Fax: 922 290 105. e-mail: canarias@auditoresasociados.com  
**28010 MADRID** – Miguel Ángel 16 - 3<sup>ª</sup> Izda - Tlf.: 915 613 001. e-mail: madrid@auditoresasociados.com  
Auditores Asociados AAGC, S.A.P. – <http://www.auditoresasociados.com>

# A

## ÍNDICE

### Páxinas

Informe de Auditoría Independente .....	1-5
Contas Anuais ao 31 de Decembro de 2019 .....	1-41
Informe de Xestión ao 31 de Decembro de 2019 .....	1-9

**A**

**INFORME DE AUDITORÍA**

**INDEPENDENTE**



## INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS EMITIDO POR UN AUDITOR INDEPENDENTE

Á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, único accionista de  
**GALARIA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.**  
**(Sociedade Unipersonal).**

### Opinión

Auditamos as contas anuais de **GALARIA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.(Sociedade Unipersonal)**, que comprenden o balance a 31 de decembro de 2019, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria, correspondentes ao exercicio rematado en dita data.

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en tódolos aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Sociedade a 31 de decembro de 2019, así como dos seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes ó exercicio anual rematado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na nota 2 da memoria) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

### Fundamento da opinión

Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España. As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas describense más adiante na sección *Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais* do noso informe.

Somos independentes da Sociedade de conformidade cos requisitos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables á nosa auditoría das contas anuais en España segundo o exixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas. Neste sentido, non prestamos servicios distintos aos da auditoría de contas nin concorron situacions ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada normativa reguladora, afectaran á necesaria independencia de modo que fora visto comprometida.



Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión.



## Parágrafo de énfase

Chamamos a atención con respecto ao sinalado na nota 14 da memoria onde se indica que o COVID-19- máis popularmente coñecido como coronavirus- converteuse a nivel mundial nunha emergencia sanitaria afectando os cidadáns, ás empresas e á economía en xeral, ata o punto de que a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarouno pandemia tanto pola súa rápida expansión como polos seus efectos. Os Administradores, á data de formulación de contas anuais, descoñecen o desenlace da expansión desta pandemia e os seus efectos sobre a economía; así como os efectos futuros que a mesma puidese provocar para a Entidade. Con todo, a Sociedade estimou que esta situación non repercutirá significativamente nas contas anuais do exercicio 2019 nin nas do 2020 debido ao tipo de actividade que desenvolve. Esta cuestión non modifica a nosa opinión.

## Aspectos más relevantes da auditoría

Os aspectos más relevantes da auditoría son aqueles que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material más significativos na nosa auditoría das contas anuais do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estas, e non expresamos unha opinión por separado sobre eses riscos.

### Recoñecemento de ingresos (nota 4.i e 11)

O recoñecemento de ingresos é unha área significativa e susceptible de incorrección material tanto polo número elevado de transaccións como pola súa imputación temporal ao peche do exercicio. Devanditos ingresos proceden fundamentalmente dos servizos de asistencia sanitaria prestados ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) mediante un contrato programa asinado entre ambas as partes e que establece os servizos para realizar así como a contraprestación a económica a percibir que anualmente se plasman nas adendas ao mesmo, nas que tamén se recollen outras actividades adicionais á asistencial.

### Procedementos aplicados.

Os nosos principais procedementos de auditoría incluíron ao peche do exercicio entre outros a análise e avaliación dos controis sobre o proceso de recoñecemento de ingresos prestados pola sociedade fundamentalmente ás distintas unidades asistenciais do SERGAS, a obtención de confirmacións da totalidade destas unidades asistenciais así como doutros debedores pendentes de cobro, realizando no seu caso, procedementos alternativos de comprobación mediante documentación soporte xustificativa. Así mesmo, realizamos unha comprobación do cumprimento das condicións establecidas no contrato programa e da adenda correspondente ao exercicio



## **Outra información: Informe de xestión**

A nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non cubre o informe de xestión. A nosa responsabilidade sobre o informe de xestión, de conformidade co exixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas, consiste en avaliar e informar sobre a concordancia do informe de xestión coas contas anuais, a partir do coñecemento da entidade obtido na realización da auditoría das citadas contas e sen engadir información distinta da obtida como evidencia durante a mesma. Así mesmo, a nosa responsabilidade consiste en avaliar e informar de si o contido e presentación do informe de xestión son conformes á normativa que resulta de aplicación. Se, baseándonos no traballo que realizamos, concluímos que existen incorreccións materiais, estamos obrigados a informar de elo.

Sobre a base do traballo realizado, segundo o descrito no parágrafo anterior, a información que contén o informe de xestión concorda coa das contas anuais do exercicio 2019 e o seu contido e presentación son conformes á normativa que resulta de aplicación.

## **Responsabilidade dos administradores en relación coas contas anuais**

Os administradores son responsables de formular as contas anuais adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Sociedade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación de contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais, os administradores son responsables da valoración da capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas con empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento agás se os administradores teñen intención de liquidar a Sociedade ou de cesar as súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.



## **Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais**

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razonable de que as contas anuais no seu conxunto están libres de incorrección material, debida a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría que contén a nosa opinión. Seguridade razonable é un alto grado de seguridade, pero non garante que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando existe. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e considéranse materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razonablemente que inflúan nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora de auditoría de contas en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría. Tamén:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro, deseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para responder a ditos riscos e obtemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso de unha incorrección material debida a erro, xa que o fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a elusión do control interno.
- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar una opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.
- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son adecuadas e a razonabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada polos administradores.
- Concluímos sobre se é adecuada a utilización, polos administradores, do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluímos sobre si existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poidan xerar dúbdidas significativas sobre a capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento. Se concluímos que existe unha incerteza material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais ou, se ditas revelacións non son adecuadas, que expresemos unha opinión modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Sen embargo, os feitos ou condicións futuros poden ser a causa de que a Sociedade deixe de ser unha empresa en funcionamento.



- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais , incluída a información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes dun modo que logran expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos cos administradores da entidade en relación con, entre outras cuestiós, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso da auditoría. Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación aos administradores da entidade, determinamos os que foron da maior significatividade na auditoría das contas anuais do período actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados máis significativos.

Describimos estes riscos no noso informe de auditoría salvo que as disposicións legais ou regulamentarias prohiban revelar publicamente a cuestión.

**AUDITORES ASOCIADOS AAGC, S.A.P.**  
**Membro nº S0293 del ROAC**

 Auditores Asociados

F/ Francisco Loimil Garrido (ROAC 13.874)  
15 de maio de 2.020.

**GALARIA,  
Empresa Pública de  
Servizos Sanitarios, S.A.  
(Sociedade Unipersonal)**

Contas Anuais do exercicio  
terminado o 31 de decembro de 2019  
e Informe de Xestión, xunto  
co Informe de Auditoría

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "Miguel Ángel González".

**GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.U.**

**BALANCE AO 31 DE DECEMBRO DE 2019 (NOTAS 1 A 4)**

(Euros)

ACTIVO	Notas da Memoria	31.12.19	31.12.18	PATRIMONIO NETO E PASIVO	Notas da Memoria	31.12.19	31.12.18
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE:</b>				<b>A) PATRIMONIO NETO:</b>			
I. Inmobilizado intangible-	6	45.860	51.625	A-1) FONDOS PROPIOS-	8	3.134.088	3.486.567
5. Aplicacións informáticas		45.960	51.625	I. Capital	1	1.275.362	1.352.362
II. Inmobilizado material-	5	3.447.102	4.141.214	1. Capital escriturado		1.275.362	1.352.362
2. Instalacións técnicas e outro inmobilizado material		3.436.602	4.005.695	II. Reservas-	1	1.756.305	1.751.699
3. Inmobilizado en curso e anticipos		10.500	135.519	1. Reserva legal		420.708	420.708
IV. Inversións a longo prazo en empresas do grupo, e asociadas-				2. Outras reservas		1.335.597	1.330.991
1. Instrumentos de patrimonio	8	129.000	129.000	VII. Resultado do exercicio		102.421	382.506
VI. Activos por imposto diferido	10	129.000	129.000	Total patrimonio neto			
Total activo non corrente		420.318	448.290			3.134.088	3.486.567
		4.042.380	4.770.129				
<b>B) ACTIVO CORRENTE:</b>				<b>B) PASIVO NON CORRENTE:</b>			
II. Existencias-	9	35.595	113.678	I. Provisións a longo prazo	12	-	12.970
2. Material sanitario de consumo		35.595	113.678	4. Outras provisións		-	12.970
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar-	8	3.060.753	2.313.867	II. Débedas a longo prazo-	5, 7 e 8	1.500.154	1.797.414
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos		2.872.941	2.071.279	3. Acredores por arrendamento financeiro		1.500.154	1.797.414
3. Debedores varios		745	745	Total pasivo non corrente		1.500.154	1.810.384
4. Personal		106	1.079				
5. Activos por imposto corrente		75.348	215.661	<b>C) PASIVO CORRENTE:</b>			
6. Outros créditos coas Administracións Públicas	10	111.613	25.103	III. Débedas a curto prazo-	8	719.377	509.079
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes-	8	55.735	12.731	3. Acredores por arrendamento financeiro	7	297.260	296.343
1. Tesourería		55.735	12.731	5. Outros pasivos financeiros	3 e 5	422.117	212.736
Total activo corrente		3.152.083	2.440.276	V. Acredores comerciais e outras contas a pagar-	8	1.840.844	1.404.375
TOTAL ACTIVO		7.194.463	7.210.405	1. Provedores		1.268.955	775.549
				4. Personal		191.816	242.399
				5. Pasivos por imposto corrente	10	38.746	38.746
				6. Outras débedas coas Administracións Públicas	10	341.327	347.681
				Total pasivo corrente		2.560.221	1.913.454
				TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO		7.194.463	7.210.405

As Notas 1 a 18 da Memoria adxunta forman parte integrante do balance ao 31 de decembro de 2019.

Data de formulación: 13 de maio de 2020.

J

H

# GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.U.

## CONTA DE PERDAS E GANANCIAS DO EXERCICIO ANUAL

**REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2019 (NOTAS 1 A 4)**

(Euros)

	Notas da Memoria	Exercicio 2019	Exercicio 2018
<b>A) OPERACIÓNES CONTINUADAS:</b>			
1. Importe neto da cifra de negocios-	11	14.716.011	15.647.401
b. Prestación de servizos		14.716.011	15.647.401
4. Aprovisionamientos	11	(3.990.270)	(4.037.972)
a. Consumo de produtos farmacéuticos		(341.698)	(297.147)
b. Consumo de material sanitario		(2.160.546)	(2.191.270)
c. Traballois realizados por outras empresas		(1.490.646)	(1.546.619)
d. Deterioro de mercaderías e outros aprovisionamentos	9	2.620	(2.936)
5. Outros ingresos de explotación		2.450.846	2.034.013
a. Ingresos accesorios e outros de xestión corrente		16.844	11.374
b. Subvencións de explotación incorporadas ao resultado do exercicio	13	2.434.002	2.022.639
6. Gastos de persoal-	11	(8.885.438)	(8.889.882)
a. Soldos, salarios e asimilados		(7.323.242)	(7.275.694)
b. Cargas sociais		(1.562.196)	(1.614.188)
7. Outros gastos de explotación-		(3.269.612)	(3.482.387)
a. Servizos exteriores	1 e 7	(3.283.558)	(3.298.065)
b. Tributos		(18.506)	(24.274)
c. Perdas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais	8	33.550	(149.749)
d. Outros gastos de xestión corrente		(1.098)	(10.299)
8. Amortización do inmobilizado	5 e 6	(899.959)	(747.790)
10. Exceso de provisións	12	12.970	-
11. Deterioro e resultados por enaxenación do inmobilizado	5	(1.630)	-
b. Resultados por enaxenacións e outros		(1.630)	-
12. Outros resultados	11	7.947	(4.037)
		140.865	519.346
<b>A-1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN</b>			
13. Ingresos financeiros-		34	200
b. De valores negociables e outros instrumentos financeiros		34	200
14. Gastos financeiros-	8	(10.506)	(1.835)
b. Por débedas con terceiros		(10.506)	(1.835)
<b>A-2) RESULTADO FINANCIERO</b>		(10.472)	(1.635)
<b>A-3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS</b>		130.393	517.711
17. Imposto sobre beneficios		(27.972)	(135.205)
<b>A-4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNES CONTINUADAS</b>		102.421	382.506
<b>A-5) RESULTADO DO EXERCICIO</b>		102.421	382.506

As Notas 1 a 18 da Memoria adxunta forman parte integrante da conta de perdidas e ganancias correspondente ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2019.

Data de formulación: 13 de maio de 2020.

**GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.U.**

**ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO DO EXERCICIO ANUAL**

**REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2019 (NOTAS 1 A 4)**

(Euros)

	Notas da Memoria	Exercicio 2019	Exercicio 2018
<b>A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN:</b>			
1. Resultado do ejercicio antes de impuestos		130.393	517.711
2. Axustes ao resultado-		862.921	898.106
a. Amortización do inmobiliizado	5 e 6	899.959	747.790
b. Correccións valorativas por deterioro	8 e 9	(36.170)	152.685
c. Variación de provisións	4.j e 12	(12.970)	(4.004)
d. Resultados por baixas e enaxenacións do inmobiliizado	5	1.630	-
e. Ingresos financeiros		(34)	(200)
f. Gastos financeiros		10.506	1.835
3. Cambios no capital corrente-		(339.955)	(138.187)
a. Existencias		80.703	15.894
b. Debedores e outras contas a cobrar		(857.127)	586.289
c. Outros activos correntes		-	1.425
d. Acreedores e outras contas a pagar		436.469	(741.795)
4. Otros fluxos de efectivo de las actividades de explotación-		133.319	7.294
a. Pagos de intereses		(10.506)	(1.835)
c. Cobros de intereses		34	200
d. Cobros (pagos) por imposto sobre beneficios		143.791	8.929
5. TOTAL FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4):		786.678	1.284.924
<b>B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVERSIÓN:</b>			
6. Pagos por Inversións-		(274.206)	(577.182)
b. Inmobiliado intangible	6	(19.322)	(51.169)
c. Inmobiliado material		(254.884)	(526.013)
7. Cobros por desinversiones-		-	28.655
d. Outros activos financeiros		-	28.655
7. TOTAL FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVERSIÓN (6):		(274.206)	(548.527)
<b>C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN:</b>			
8. Cobros e pagos por instrumentos de pasivo financeiro-		(469.468)	(185.584)
b. Devolución e amortización de:		(469.468)	(185.584)
2. Débedas con entidades de crédito		(296.343)	(42.855)
5. Outras débedas		(173.125)	(142.729)
9. Pagos por dividendos e remuneracións de outros instrumentos de patrimonio		-	(557.884)
a. Dividendos		-	(557.884)
10. TOTAL FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN (8+9):	3	(469.468)	(743.468)
<b>D) AUMENTO/(DISMINUCIÓN) NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+10):</b>			
Efectivo o equivalentes al comienzo del ejercicio		43.004	(7.071)
Efectivo o equivalentes al final del ejercicio	8	12.731	19.802
		55.735	12.731

As Notas 1 a 18 da Memoria adxunta forman parte integrante do estado de fluxos de efectivo correspondente ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2019.

Fecha de formulación: 13 de maio de 2020.

**GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.U.**

**ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO DO EXERCICIO**

**ANUAL REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2019 (NOTAS 1 A 4)**

(Euros)

**A) ESTADO DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS**

	Notas da Memoria	Exercicio 2019	Exercicio 2018
<b>A) RESULTADO DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS</b>	3	102.421	382.506
<b>B) TOTAL TRANSFERENCIAS Á CONTA DE PERDAS E GANANCIAS</b>		-	-
<b>TOTAL INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS (A+B)</b>		102.421	382.506

**B) ESTADO TOTAL DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO**

	Capital	Reserva Legal	Outras Reservas	Resultado do Exercicio	Total
<b>A) SALDO FINAL DO EXERCICIO 2017</b>	<b>1.352.362</b>	<b>420.708</b>	<b>1.330.991</b>	<b>267.677</b>	<b>3.371.738</b>
I. Total ingresos e gastos recoñecidos	-	-	-	382.506	382.506
II. Operaciones con Socios o propietarios (Nota 1)	-	-	-	(267.677)	(267.677)
4. Distribución de dividendos (Nota 3)	-	-	-	(267.677)	(267.677)
<b>B) SALDO FINAL DO EXERCICIO 2018</b>	<b>1.352.362</b>	<b>420.708</b>	<b>1.330.991</b>	<b>382.506</b>	<b>3.486.567</b>
I. Total ingresos e gastos recoñecidos	-	-	-	102.421	102.421
II. Operaciones con Socios o propietarios (Nota 1)	(77.000)	-	4.606	(382.506)	(454.900)
2. Reduccións de capital	(77.000)	-	4.606	-	(72.394)
4. Distribución de dividendos (Nota 3)	-	-	-	(382.506)	(382.506)
<b>C) SALDO FINAL DO EXERCICIO 2019</b>	<b>1.275.362</b>	<b>420.708</b>	<b>1.335.597</b>	<b>102.421</b>	<b>3.134.088</b>

As Notas 1 a 18 da Memoria adxunta forman parte integrante do estado total de cambios no patrimonio neto do exercicio rematado o 31 de decembro de 2019.

Data de formulación: 13 de maio de 2020.

# **GALARIA, empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. (Sociedade Unipersoal)**

**Memoria correspondente  
ao exercicio anual terminado  
o 31 de decembro de 2019**

## **1. Constitución, réxime legal e actividade da Sociedade**

### **Constitución-**

O Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A. (Sociedade Unipersoal) constituíuse mediante o Decreto 229/1994 do 14 de xullo de 1994, sendo elevada a público mediante escritura outorgada ante o notario de Santiago D. Domingo Gutiérrez Aller o 11 de decembro de 1994, e inscrita no Rexistro Mercantil no tomo 152, folio 52, folla numero C-12001.

O Decreto 209/2008 do 28 de decembro modifica a denominación e os estatutos do Instituto Galego de Medicina Técnica S.A., pasando a denominarse GALARIA, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A. (Sociedade Unipersoal) (en adiante, a Sociedade) e tendo a consideración de medio propio instrumental e servizo técnico da Xunta de Galicia para a execución de actividades que lle sexan encomendadas.

O Consello de Administración, na reunión celebrada o 30 de novembro de 2010, autorizou o cambio do domicilio social da Sociedade ao Edificio Administrativo San Lázaro, 3º andar, 15703 Santiago de Compostela.

Ten asignado o C.I.F. número A15476740.

### **Réxime legal-**

A Sociedade réxese polos seus Estatutos, Código de Comercio, Lei de Sociedades de Capital e demais disposicións legais aplicables a este tipo de Sociedades.

### **Actividades-**


As instalacións operativas das Unidades Asistenciais durante o 2019 atópanse situadas no Hospital do Meixoeiro e no Hospital Álvaro Cunqueiro en Vigo, no Hospital Santa María Nai de Ourense, no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, e posúe tamén tres centros de resonancia móbil en itinerancia.

As actividades ás que se dedicou a Sociedade ao longo do ano 2019 tiveron dous eixos centrais:

1. Xestión integral de unidades asistenciais de Alta Tecnoloxía e da unidade de Radiofármacos Pet de Galicia.
2. Asesoramento e consultoría no eido sanitario de equipamento electromédico, así como as actividades de protección radiolóxica e radiofísica hospitalaria.

A Sociedade realiza a parte esencial da súa actividade có Servizo Galego de Saúde, e a principal actividade desenvolvida consistiu na xestión das Unidades de Medicina Nuclear, Diagnóstico por Imaxe (resonancias fixas e móbiles) e Oncoloxía Radioterapia.

A relación entre a Sociedade e o Servizo Galego de Saúde regúllase principalmente a través dun documento denominado "contrato-programa" asinado entre ambas partes, no que se poñen de manifesto os servizos que debe prestar a Sociedade e as contraprestacións económicas a percibir pola realización destes servizos, as cantidades coas que ten que compensar pola prestación de servizos aos Hospitais onde desenvolve a actividade de Alta Tecnoloxía; así como os criterios de calidade que deben reunir ditas prestacións.



**Decreto 70/2019 do 27 de xuño polo que se integran no Servizo Galego de Saúde a Unidade de Diagnóstico por Imaxe, na parte correspondente á unidade económica asociada a actividade de resonancia fixa dependente de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.-**

Con data 28 de xuño de 2019 publicouse no DOGA o Decreto 70/2019 do 27 de xuño, polo que se integra no Servicio Galego de Saúde da unidade económica de Diagnóstico por imaxe na parte correspondente a resonancia fixa pertencente a Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. De acordo con dito Decreto, formulase a integración no Servizo Galego de Saúde do persoal e equipamento para que continúe a prestar os seus servizos na Área de Xestión Sanitaria de Vigo. Este decreto entrou en vigor o día 1 de xullo de 2019.

A disposición adicional terceira da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, establece o procedemento de reordenación de entidades instrumentais no ámbito sanitario que é de aplicación á empresa pública de servizos sanitarios Galaria.

Para tal efecto, a disposición adicional terceira da Lei 12/2014, do 22 de decembro, dispón que o patrimonio de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., adscrito ás unidades asistenciais e administrativas que regulamentariamente se integren no Servizo Galego de Saúde e que resulte do proceso de liquidación conforme o disposto na lexislación mercantil, incorporarase ao patrimonio do citado organismo autónomo. O Servizo Galego de Saúde subrógase en todos os dereitos e obrigas que teñen a súa orixe nesta unidade asistencial a partir da súa integración efectiva.

Así mesmo, en dita disposición adicional establécese que o Servizo Galego de Saúde se subroga na totalidade das relación laborais do persoal da Sociedade que presta servizos na unidade asistencial que regulamentariamente se integre, que manterá a natureza e o réxime xurídico do vínculo de orixe.

Para levar a cabo a reordenación da unidade descrita e posibilitar a súa integración no Servizo Galego de Saúde, a Sociedade acometeu unha operación mercantil de redución de capital con devolución de achegas ao seu accionista único, como vehículo de transmisión dos elementos adscritos á unidade titularidade da Sociedade mercantil pública autonómica. Esta forma de transmisión é a prevista no artigo 53 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicable a Sociedade, que dispón que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais poden adquirir bens e dereitos por redución de capital de sociedades ou de fondos propios de entidades públicas instrumentais.

Esta reordenación obriga a modificación do artigo 5º dos estatutos sociais da Sociedade, na contía que representan os elementos de immobilizado de titularidade de Galaria afectos á unidade de Diagnóstico por imaxe na unidade económica correspondente a resonancia fixa, tendo en conta, que os elementos se traspasan polo seu valor contable (custe de adquisición minorado na amortización acumulada) ou cun valor residual de 1,00 euro, para aqueles elementos totalmente amortizados.

A redución de capital levarase a cabo diminuíndo o valor nominal das accións existentes. Ó reducirse o capital social en 77.000,00 euros, diminuirá o valor nominal das accións en 220,00 euros, quedando o novo valor nominal en 3.643,89 euros (Nota 8). Como consecuencia da entrada en vigor o 30 de xuño de 2019 do Decreto 88/2015 do 27 de xuño, a Sociedade regularizou o importe da amortización do immobilizado obxecto de integración devengada ata a citada data aumentando o importe das reservas da Sociedade en 4.606 euros de acordo co establecido no apartado 2.2 da norma de rexistro e valoración 21º do Plan Xeral de Contabilidade aprobado polo Real Decreto 1514/2007, de 16 de novembro e na consulta 10 do BOICAC número 85 de marzo de 2011.

O Consello de Administración da Sociedade, na súa reunión do 29 de marzo de 2019 accordou solicitar ao Accionista Único da Sociedade a redución do capital social mediante a devolución de achegas, aprobándose polo Accionista Único na Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas celebrada o 29 de maio de 2019. Así mesmo solicitouse no mesmo Consello de Administración autorización ao Consello da Xunta de Galicia para a correspondente modificación estatutaria aprobándose polo Consello da Xunta na súa sesión do 23 de maio de 2019, de acordo co disposto no artigo 105.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Segundo a referida integración, o Servizo Galego de Saúde queda subrogado en todos os dereitos e obrigas que teñen a súa orixe na unidade integrada, e na totalidade das relación laborais do persoal da Sociedade que

presta servizos na unidades integrada, de conformidade co establecido na disposición adicional terceira da Lei 12/2014, do 22 de decembro.

O detalle do inmobilizado obxecto de integración detallado por partida do balance e as súas correspondentes amortizacións acumuladas ao 30 de xuño de 2019, é o seguinte (Notas 5 e 6):

	Euros		
	Custo	(Amortización Acumulada)	Saldo Neto
<b>Inmobilizado material:</b>			
Instalacións técnicas e maquinaria	3.097.434	(3.041.626)	55.808
Outras instalacións, ferramentas e mobiliario	127.651	(111.065)	16.586
Outro inmobilizado material	11.291	(11.291)	-
<b>Total</b>	<b>3.236.376</b>	<b>(3.163.982)</b>	<b>72.394</b>

#### Outra información-

##### *Modificación estatutaria-*

Consecuencia da integración no Servicio Galego de Saúde da unidade económica de Diagnóstico por imaxe na parte correspondente a resonancia fixa modificouse o artigo 5º dos seus estatutos relativo ao capital social na contía de 77.000 euros, representativo do valor contable dos elementos de inmobilizado de titularidade de Galaria afectos á unidade integrada (Nota 8).

Por outra banda, a Sociedade levou a cabo a adaptación dos seus estatutos sociais á reforma da Lei de Sociedades de Capital introducida pola Lei 31/2014, de 3 de decembro; e á reforma da Lei de Contratos do Sector Público, introducida pola Lei 9/2017, de 8 de novembro. Con data 28 de marzo de 2018 o Consello de Administración de Galaria aprobou a fusión e modificación dos seus estatutos para adaptalos a normativa vixente, aprobándose pola Xunta Xeral de Accionistas o 8 de outubro de 2019 publicándose no Diario Oficial de Galicia a través da resolución do 22 de outubro de 2019, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio d Consellería de Facenda. Con esta modificación estatutaria ampliouse o obxecto social da Sociedade engadindo ao xa establecido no seu artigo 2º "*A prestación de servizos de xestión ordinaria e administración doutras sociedades ou fundacións que teñan definido nos seus estatutos o carácter de públicas e que están vinculadas por razón do seu obxecto social a actividades sanitarias e da Saúde*".

##### *Convenio de cesión de equipamento-*

Por resolución do 30 de agosto de 2013, da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, anunciouse a licitación do contrato de colaboración entre o sector público e sector privado, mediante o procedemento de adxudicación de dialogo competitivo e co obxecto de disporfiar dunha solución global que cubrisse as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia no Servizo Galego de Saúde. Con data 15 de novembro de 2016 formalizouse un convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e Galaria, coa finalidade de por a disposición de varias unidades asistenciais da Sociedade diverso equipamento tecnolóxico subministrado a través do citado dialogo competitivo. Neste senso, o Servizo Galego de Saúde obrígase a por a disposición da Sociedade o equipamento recibido así como a velar polo cumprimento dos contratos coas empresas adxudicatarias e realizar a coordinación coa Sociedade das actuacións que resulten necesarias para garantir o mantemento e a continuidade da actividade asistencial. En contrapartida, a Sociedade asumirá os importes asociados ao equipamento cedido. O cargo á conta de perdas e ganancias do exercicio 2019 en concepto de arrendamentos ascendeu a 1.312.327 euros (1.436.653 euros en 2018) e atopase rexistrado no epígrafe "Outros gastos de explotación – Servizos exteriores" da conta de perdas e ganancias.

Por outra banda, con data 22 de outubro de 2015 formalizouse entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Amancio Ortega Gaona un convenio de colaboración polo que esa última doa a primeira os importes correspondentes aos custos de adquisición de diverso equipamento médico de última xeración para os centros de diagnóstico e tratamento oncolóxico de Galicia; neste senso, corresponde aplicar a Galaria o importe

subvencionado do custe dos equipos (aceleradores) a instalar na unidade de Oncoloxía radioterápica de Vigo dependente da Sociedade e que no ano 2019 ascendeu a 262.934 euros (mesmo importe no 2018) recollidos no epígrafe "Outros ingresos de explotación – Subvencións de explotación incorporadas ao resultado do exercicio" da conta de perdidas e ganancias (Nota 13).

## **2. Bases de presentación das contas anuais**

### **a) Marco normativo de información financeira aplicable á Sociedade-**

Estas contas anuais formuláronse polos Administradores de acordo co marco normativo de información financeira aplicable á Sociedade, que está establecido en:

1. Código de Comercio e restante lexislación mercantil.
2. Plan Xeral de Contabilidade aprobado polo Real Decreto 1514/2007, de 16 de novembro, e as súas modificacións posteriores, e as súas Adaptacións sectoriais, en particular, a Adaptación Sectorial do Plan Xeral de Contabilidade ás Empresas de Asistencia Sanitaria aprobado pola Orde de 23 de decembro de 1996, do Ministerio de Economía y Hacienda, pola que se aproban as Normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás Empresas de Asistencia Sanitaria (BOE de 6 de xaneiro de 1997).
3. As normas de obrigado cumprimento aprobadas polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas en desenvolvemento do Plan Xeral de Contabilidade e as súas normas complementarias.
4. O resto da normativa contable española que resulte aplicable.
5. Lei 5/2011, de 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma Galega.
6. Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999 do 7 de outubro.
7. Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
8. Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
9. Lei 9/2017, de 18 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que trasponse ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
10. Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
11. O resto da normativa financeira autonómica que resulte aplicable.

### **b) Imaxe fiel-**

As presentes contas anuais, formuladas polos Administradores, foron obtidas dos rexistros contables da Sociedade e preséntanse da acordo co R.D. 1514/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, de forma que mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da Sociedade e dos fluxos de efectivo habidos durante o exercicio 2019.

Si ben á data actual as contas anuais ao 31 de decembro de 2019 están pendentes de aprobación polo Accionista Único, o Consello de Administración non espera que se produzan cambios de significación nas mesmas como consecuencia de dita aprobación.

As contas anuais correspondentes ao exercicio anual terminado o 31 de decembro de 2018 foron aprobadas polo Accionista Único na Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas celebrada o 28 de xuño de 2019. Dicha aprobación foi modificando a proposta de distribución do resultado quedando como se indica no punto 3 das presentes contas anuais.

**c) Principios contables non obligatorios aplicados-**

Non se aplicaron principios contables non obligatorios. Os Administradores da Sociedade formularon estas contas anuais tendo en consideración a totalidade dos principios e normas contables de aplicación obligatoria que teñen un efecto significativo en ditas contas anuais. Non existe ningún principio contable que sendo obligatorio, se deixara de aplicar.

**d) Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza e xuízos relevantes na aplicación de políticas contables-**

A Sociedade elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento.

A data de peche do exercicio non existen datos relevantes nin incerteza que poidan supoñer cambios significativos no valor dos activos e pasivos da empresa no exercicio seguinte, nin dúbidas sobre a posibilidade de que a empresa siga funcionando normalmente.

A preparación das contas anuais require que os Administradores da Sociedade realicen estimacións contables relevantes, xuízos, estimacións e hipóteses, que puideran afectar ás políticas contables adoptadas e ó importe dos activos, pasivos, ingresos, gastos e os desgloses con eles relacionados.

As estimacións e as hipóteses realizadas baséanse, entre outros, na experiencia histórica u outros feitos considerados razonables tendo en conta as circunstancias á data de peche, o resultado das cales representa a base de xuízo sobre o valor contable dos activos e pasivos non determinables dunha cantidade de forma inmediata.

Os resultados reais poderían manifestarse de forma diferente á estimada. Estas estimacións e xuízos avalíanse continuamente.

Algunhas estimacións contables se consideran significativas se a natureza das estimacións e supostos é material e se o impacto sobre a posición financeira ou o rendemento operativo é material.

Aínda que estas estimacións foron realizadas polos Administradores da Sociedade coa mellor información disponible ao peche de cada exercicio, aplicando a súa mellor estimación e coñecemento do mercado, é posible que eventuais acontecementos futuros obrigen á Sociedade a modificalas nos seguintes exercicios. De acordo coa lexislación vixente recoñecerase prospectivamente os efectos do cambio de estimación na conta de resultados.


Se detallan a continuación as principais estimacións e xuízos realizados pola Sociedade:

- A avaliación de posibles perdas por deterioro de saldos de contas a cobrar e activos financeiros (Nota 8).
- A vida útil dos activos intanxibles e materiais (Nota 4a e 4b).
- O cálculo de provisións e a avaliación de pasivos continxentes (Nota 12).

Durante o exercicio 2019 non se produciron cambios significativos nas estimacións realizadas ao peche do exercicio 2018.

**e) Comparación da información-**

As contas anuais presentan a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance, da conta de perdas e ganancias, do estado de cambios no patrimonio neto, do estado de fluxos de efectivo, e da memoria, ademais das cifras do exercicio 2019 as correspondentes ao exercicio anterior.



A Sociedade está obrigada a auditá las contas anuais dos exercicios 2019, e auditou as do exercicio 2018 emitíndose con data 8 de abril de 2019 o correspondente informe por auditor independente.

**f) Agrupación de partidas-**

Non existen partidas de diferente concepto agrupadas nun mesmo saldo á data de peche do exercicio.

**g) Elementos recollidos en varias partidas.**

Ao 31 de decembro de 2019 non existen elementos que afecten a varias partidas do balance, nin existen partidas de diferente concepto agrupadas nun mesmo saldo, a excepción das procedentes da reclasificación de débedas a longo prazo polos vencementos a curto prazo.

**h) Cambios en criterios contables**

Durante o exercicio 2019 non se produciron cambios de criterios contables significativos respecto dos criterios aplicados no exercicio 2018.

**i) Corrección de errores-**

Na elaboración das contas anuais non se detectou ningún erro significativo que supoña a reexpresión dos importes incluídos nas contas anuais do exercicio terminado o 31 de decembro de 2018.

**j) Importancia relativa-**

Na determinación da información a detallar na elaboración da presente memoria sobre as diferentes partidas dos estados financeiros ou outros asuntos, a Sociedade, de acordo co Marco Conceptual do Plan Xeral de Contabilidade, tivo en conta a importancia relativa na relación coas contas anuais do exercicio 2019.

**3. Distribución de resultados**

A proposta de distribución do resultado do exercicio 2019 que os Administradores da Sociedade proporán o Accionista Único para a súa aprobación, así como a distribución do resultado do exercicio 2018 xa aprobada consistirá en:

	Euros	
	2019	2018
<b>Base de reparto:</b> Beneficio do Exercicio	<b>102.421</b>	<b>382.506</b>
<b>Distribución:</b> Outras reservas Dividendos	<b>102.421</b> -	<b>-</b> <b>382.506</b>

*Dividendos exercicios anteriores-*

A Xunta Xeral de Accionistas na súa reunión do día 28 de xuño de 2019 acordou o reparto como dividendo do resultado do exercicio 2018, por importe de 382.506 euros. Este importe atópase pendente de pago e rexistrado no epígrafe "Débedas a curto prazo - Outros pasivos financeiros" do balance ao 31 de decembro de 2019.

L

N

En exercicios anteriores, a Xunta Xeral de Accionistas nas súas reunións de 20 de xuño de 2014, 27 de xuño de 2016 e 19 de xuño de 2017 acordou o reparto como dividendos do resultado do exercicio 2013, do exercicio 2015 e do exercicio 2016 por importe de 36.825, 181.206 e 290.216 euros, respectivamente. Os dividendos do exercicio 2013 e 2015 foron abonados ao accionista único o 30 de decembro de 2016, e os correspondentes a 2016 foron aboados ao Accionista único o 22 de marzo de 2018.

A Xunta Xeral de Accionistas na súa reunión do día 19 de xuño de 2017 acordou o reparto como dividendo do resultado do exercicio 2016, por importe de 290.216 euros. Este importe foi abonado ao Accionista único o 20 de marzo de 2018.

A Xunta Xeral de Accionistas na súa reunión do día 25 de xuño de 2018 acordou o reparto como dividendo do resultado do exercicio 2017, por importe de 267.667 euros. Este importe foi abonado ao accionista único o 10 de decembro de 2018.

#### **4. Normas de rexistro e valoración**

As principais normas de rexistro e valoración utilizadas pola Sociedade na elaboración de estas contas anuais do exercicio 2019, de acordo coas establecidas polo Plan Xeral de Contabilidade, foron as seguintes:

##### **a) Inmobilizado intanxible-**

Como norma xeral, o inmobilizado intanxible valorase inicialmente polo seu prezo de adquisición ou custo de producción. Posteriormente valorase o seu custo minorado pola correspondente amortización acumulada e, no seu caso, polas perdas por deterioro experimentadas, conforme ao criterio mencionado na Nota 4-c.

A propiedade industrial e as aplicacións informáticas que se encontran rexistradas en este epígrafe de balance están valoradas ao seu prezo de adquisición e amortízanse linealmente nun prazo máximo de 5 e 3 anos, respectivamente, a partir do comezo da súa utilización.

O cargo á conta de perdas e ganancias do exercicio 2019 en concepto de amortización do inmobilizado intanxible ascendeu a 24.987 euros (13.979 euros en 2018) (véxase Nota 6) e atópase rexistrado no epígrafe "Amortización do inmobilizado" da conta de perdas e ganancias.

##### **b) Inmobilizado material**

O inmobilizado material valorase inicialmente polo seu prezo de adquisición ou custo de producción, e posteriormente minórase pola correspondente amortización acumulada e as perdas por deterioro, se as houbera, conforme ao criterio mencionado na Nota 4-c. Adicionalmente, ó prezo pagado pola adquisición de cada elemento, o custo tamén inclúe os gastos financeiros devengados durante ó período de construcción que sexan directamente atribuíbles á adquisición ou fabricación do activo, sempre que requirán un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso, así como a mellor estimación do valor actual do importe contíxente. Non obstante, os pagos contínxentes que dependan de magnitudes relacionadas co desenvolvemento da actividade, contabilízanse como un gasto na conta de perdas e ganancias a medida en que se incorran. Durante os exercicios finalizados o 31 de decembro de 2019 e o 31 de decembro de 2018, non se activaron importes por este concepto.

As cantidades entregadas a conta de adquisicións futuras de bens do inmobilizado material, rexístranse no activo e os axustes que se orixinen pola actualización do valor do activo asociado ao anticipo dan lugar ao recoñecemento de ingresos financeiros, conforme se produza o seu devengo. A tal efecto utilizase o tipo de xuro incremental do provedor existente no momento inicial, é dicir, o tipo de xuro ao que o provedor podería financiarse en condicións equivalentes ás que resultan do importe recibido, que non será obxecto de modificación en posteriores exercicios. Cando se trate de anticipos con vencemento non superior a un ano e cuxo efecto financeiro non sexa significativo, non será necesario levar a cabo ningún tipo de actualización.



Os custos de ampliación, modernización e mellora que representan un aumento da produtividade, capacidade ou eficiencia, ou un alongamento da vida útil dos bens, capitalízanse como maior custe dos correspondentes bens. Os bens e elementos retirados, tanto se se producen como consecuencia dun proceso de modernización como se se deben a calquera outra causa, contabilízanse dando de baixa os saldos que presentan nas correspondentes contas de activo e de amortización acumulada.

Os gastos de conservación e mantemento dos diferentes elementos que componen o inmobilizado material impútanse á conta de perdas e ganancias do exercicio en que se incorren.

Os elementos retirados, tanto se son consecuencia dun proceso de modernización, como se se debe a calquera outra causa, contabilízanse dando de baixa os saldos que presentan as correspondentes contas de custo e de amortización acumulada.

O inmobilizado material en curso traspásase ao inmobilizado material en explotación na data na que queda dispoñible para iniciar o seu funcionamento, iniciándose nese momento a súa amortización.

A amortización dos elementos do inmobilizado material realizase sobre os valores de custo, seguindo o método lineal, durante os seguintes anos de vida útil estimados:

	Anos de Vida Útil Estimada
Instalacións técnicas	5-8
Maquinaria e equipos médicos	5-7
Instrumental e ferramentas	5-10
Mobiliario e equipos de oficina	6-10
Mobiliario médico	8-10
Equipos para proceso de información	4
Outro inmobilizado material	4-10

O cargo á conta de perdas e ganancias do exercicio 2019 en concepto de amortización do inmobilizado material ascendeu a 874.972 euros (733.811 euros en 2018) (véxase Nota 5) e atópase rexistrado no epígrafe "Amortización do inmobilizado" da conta de perdas e ganancias.

#### c) Deterioro de valor do activo material e intangible-

Ao peche de cada exercicio sempre que existan indicios de perda de valor, a Sociedade revisa os importes en libros dos seus activos materiais e intangibles para determinar si existen indicios de que ditos activos sufrisen unha perda por deterioro de valor. Se existe calquera indicio, o importe recuperable do activo calcúlase co obxecto de determinar o alcance da perda por deterioro de valor (se a houbera). En caso de que o activo no xere fluxos de efectivo por si mesmo que sexan independentes doutros activos, a Sociedade calculará o importe recuperable do activo. O importe recuperable determinase como o maior importe entre o valor razonable menos os custos de venda e o valor en uso.

Se se estima que o importe recuperable dun activo (ou unha Unidade Xeradora de Efectivo) é inferior ao seu importe en libros, o importe en libros do activo (Unidade Xeradora de Efectivo) redúcese ao seu importe recuperable. Para elo recoñécese o importe da perda por deterioro de valor como gasto e distribúese entre os activos que forman a unidade, reducindo en primeiro lugar o fondo de comercio, si existira, e, a continuación, o resto dos activos da unidade prorratoeado en función do seu importe en libros.

Cando unha perda por deterioro de valor reverte posteriormente, o importe en libros do activo (Unidade Xeradora de Efectivo) incrementase á estimación revisada do seu importe recuperable, pero de tal modo que o importe en libros incrementado non supere o importe en libros existente de non recoñecerse ningunha perda por deterioro de valor para o activo en exercicios anteriores. Recoñécese unha reversión dunha perda por deterioro de valor como ingreso do exercicio.

↓

h M

A Sociedade definiu como unidades xeradoras de efectivo cada unha das unidades asistenciais e técnicas nas que a Sociedade presta servizos

Nos exercicios rematados a 31 de decembro de 2019 e 2018 a Sociedade non rexistrou perdas por deterioro dos inmobiliizados intanxible e material.

**d) Arrendamentos-**

Os arrendamentos clasifícanse como “arrendamentos financeiros” sempre que as condicións dos mesmos se deduzan que se transfiren ao arrendatario substancialmente os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato. Os demais arrendamentos clasifícanse como “arrendamentos operativos”.

*Arrendamento financeiro-*

Nas operacións de arrendamento financeiro nas que a Sociedade actúa como arrendatario, preséntase o custo dos activos arrendados no balance segundo a natureza do ben obxecto do contrato e, simultaneamente, un pasivo polo mesmo importe. Dito importe será o menor entre o valor razoable do ben arrendado e o valor actual ao inicio do arrendamento das cantidades mínimas acordadas, incluída a opción de compra, cando non existan dúbidas razoables sobre o seu exercicio. Non se incluirán no seu cálculo as cotas de carácter continxente, o custe dos servizos e os impostos repercutibles polo arrendador. A carga financeira total do contrato imputase á conta de perdas e ganancias do exercicio no que se devenga, aplicando o método do tipo de interese efectivo. As cotas de carácter continxente recoñécense como gasto do exercicio no que se incorren.

Os activos rexistrados por este tipo de operacións amortízanse con criterios similares aos aplicados ao conxunto dos activos materiais, atendendo a súa natureza.

*Arrendamento operativo-*

Os gastos e ingresos derivados dos acordos de arrendamento operativo cárganse na conta de perdas e ganancias no exercicio en que se devengan.

Calquera cobro ou pago que puidera realizarse ao contratar un arrendamento operativo tratarase como un cobro ou pago anticipado que se imputará a resultados ao longo do período do arrendamento, a medida que se cedan ou reciban os beneficios do activo arrendado.

**e) Instrumentos financeiros-**

Un “instrumento financeiro” é un contrato que da lugar a un activo financeiro nunha entidade e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou instrumento de capital na outra entidade.

Un “instrumento de capital” é un negocio xurídico que evidencia unha participación residual nos activos da entidade que o emite, unha vez deducidos todo os seus pasivos.

*Activos financeiros:*

Os activos financeiros recoñécense no balance cando se leva a cabo a súa adquisición e se rexistran inicialmente o valor razoable da contraprestación entregada más os custos da transacción que sexan directamente atribuíbles, cando os activos financeiros non se valoren polo seu valor razoable indicárase o valor razoable para cada clase de activo nos termos e condicións previstas no Plan Xeral de Contabilidade. Non obstante, os créditos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de interese contractual, así como os anticipos e créditos ao persoal cuxo importe se espera recibir no curto prazo, valóranse polo seu valor nominal cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non sexa significativo.

L

N

Os activos financeiros que posúe a Sociedade clasifícanse nas seguintes categorías:

- Préstamos e partidas a cobrar: activos financeiros orixinados na venda de bens ou na prestación de servizos por operacións de tráfico da empresa, ou os que non tendo unha orixe comercial, no son instrumentos de patrimonio nin derivados e cuxos cobros son de contía fixa ou determinable e non se negocian nun mercado activo.
- Investimentos no patrimonio de empresas do grupo e asociadas: considéranse empresas do grupo aquelas sobre as que a Sociedade ten capacidade para exercer control, capacidade que manifestase, en xeral, non únicamente, pola propiedade, directa ou indirecta, de ao menos o 50% dos dereitos políticos das entidades participadas ou áfida sendo inferior ou nulo este porcentaxe si, como no caso de acordo con socios ou accionistas das mesmas, entrégase á Sociedade dito control. Enténdese por control o poder de gobernar as políticas financeiras e operativas dunha entidade, co fin de obter beneficios das súas actividades.

Considéranse empresas asociadas aquelas sobre as que a Sociedade exerce unha influencia significativa. Presumirase, salvo proba en contrario, que existe influencia significativa cando a empresa ou unha ou varias empresas do grupo engadidas as entidades o persoas físicas dominantes, posúan, ao menos, o 20 por 100 dos dereitos de voto da outra sociedade.

- Efectivo e Outros Activos Líquidos equivalentes: A Sociedade rexistra nesta partida do balance a caixa, bancos e aqueles investimentos financeiros convertibles en efectivo, cun vencemento non superior a tres meses dende a data da súa adquisición, que non teñen riscos significativos de cambio de valor e que forman parte da súa política de xestión normal da tesourería.

#### *Valoración inicial-*

- Préstamos e partidas a cobrar: valoraranse inicialmente polo seu valor razoable, que, salvo evidencia en contrario, será o prezo da transacción, que equivalerá ao valor razoable da contraprestación entregada más os custos de transacción que lle sexan directamente atribuíbles. Non obstante, os créditos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de interese contractual, valóranse polo seu valor nominal cando o efecto de actualizalos fluxos de efectivo non sexa significativo.
- Investimentos no patrimonio de empresas do grupo e asociadas: valóranse inicialmente ao custe, que equivalerá ao valor razoable da contraprestación entregada más os custos de transacción que lle sexan directamente atribuíbles. No caso de investimentos no patrimonio de empresas do grupo que entreguen o control sobre a sociedade dependente, os honorarios abonados a asesores legais ou outros profesionais relacionados ca adquisición do investimento impútanse directamente á conta de perdas e ganancias.
- Efectivo e Outros Activos Líquidos equivalentes: valóranse inicialmente polo seu valor razoable, que é o prezo da transacción, más os custos que lle sexan directamente atribuíbles.

#### *Valoración posterior-*

- Préstamos e partidas a cobrar: valóranse polo seu custo amortizado e os intereses devengados no período calcúlanse aplicando o método do tipo de interese efectivo. Non obstante o anterior, os créditos con vencemento non superior ao ano que de acordo co mencionado anteriormente valóranse inicialmente polo seu valor nominal, así como os anticipos e créditos ao persoal, cuxo importe espérase recibir no curto prazo continúan valorándose por dito valor salvo que se deterioraran.

En particular, e respecto ás correccións valorativas relativas aos debeñores comerciais e outras contas a cobrar, a Sociedade obtén o importe de ditas correccións valorativas mediante o estudo individualizado sobre a recuperación económica das contas a cobrar a 31 de decembro de 2019.

- Investimentos no patrimonio de empresas do grupo e asociadas: valóranse polo seu custe, minorado, no seu caso, polo importe acumulado das correccións valorativas por deterioro. Ditas correccións calcúlanse

como a diferenza entre o seu valor en libros e o importe recuperable, entendido este como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custos de venta e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros derivados do investimentos. Salvo mellor evidencia do importe recuperable, tómase en consideración o patrimonio neto da entidade participada, corrixido polas plusvalías tácitas existentes na data da valoración (incluíndo o fondo de comercio, se o houbera). As correccións valorativas por deterioro e, no seu caso, a súa reversión, rexístranse como un gasto ou un ingreso, respectivamente, na conta de perdas e ganancias.

- **Efectivo e Outros Activos Líquidos equivalentes:** valóranse ao seu custo amortizado calculado mediante a utilización do método de "tipo de intereses efectivo"; tal e como se indicou con anterioridade.

Ao peche do exercicio a Sociedade realiza un test de deterioro para os activos financeiros que non están rexistrados a valor razoable. Considérase que existe evidencia obxectiva de deterioro si o valor recuperable do activo financeiro é inferior ao seu valor en libros. Cando se produce, o rexistro deste deterioro se rexistra na conta de perdas e ganancias.

A Sociedade dá de baixa os activos financeiros cando expiran ou se ceden os dereitos sobre os fluxos de efectivo do correspondente activo financeiro e se transferiron substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade.

Pola contra, a Sociedade non dá de baixa os activos financeiros, e recoñece un pasivo financeiro por un importe igual á contraprestación recibida, nas cesións de activos financeiros nas que se reteña substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade.

Os intereses recibidos de activos financeiros recoñécense empregando o método do tipo de interese efectivo e os dividendos, cando se declara o derecho do accionista a recibilos. En calquera caso, os intereses e dividendos de activos financeiros devengados con posterioridade ao momento da adquisición recoñécense como ingresos na conta de perdas e ganancias.

#### *Pasivos financeiros:*

Son pasivos financeiros aqueles débitos e partidas a pagar que ten a Sociedade e que se orixinaron na compra de bens e servizos por operacións de tráfico da empresa, ou tamén aqueles que sen ter unha orixe comercial, non poden ser considerados como instrumentos financeiros derivados.

Os débitos e partidas a pagar valóranse inicialmente ao valor razoable da contraprestación recibida, axustada polos custos da transacción directamente atribuíbles, cando os pasivos financeiros non se valoren polo seu valor razoable indicarase o valor razoable para cada clase de activo nos termos e condicións previstas no Plan Xeral de Contabilidade. Non obstante, cando se trate de débitos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de interese contractual sempre que o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo, non sexa significativo valoraranse polo seu valor nominal. Con posterioridade, ditos pasivos valóranse de acordo co seu custo amortizado. Non obstante o anterior, en créditos con vencemento non superior a un ano que inicialmente se valorasen polo seu valor nominal, continuarán valorándose por dito importe.

A Sociedade dá de baixa os pasivos financeiros cando se extinguen obrigacións que os orixinaron.

#### *f) Existencias-*

As existencias valóranse ao seu prezo de adquisición calculado segundo o prezo medio ponderado ou o valor neto realizable, o menor. Os descontos comerciais, as rebaixas obtidas e outras partidas similares dedúcense na determinación do prezo de adquisición.

Os anticipos a provedores a conta de subministros futuros de existencias se valoran polo seu custo.

A valoración dos produtos obsoletos, defectuosos ou de lento movemento, reducíronse ao seu posible valor de realización.

↓

H  
D

Cando o valor neto realizable das existencias é inferior ao seu prezo de adquisición ou ao seu custe de producción, se efectúan as oportunas correccións valorativas recoñecéndoas como un gasto na conta de perdas e ganancias.

Si deixan de existir as circunstancias que causaron a corrección del valor das existencias, o importe da corrección é obxecto de reversión recoñecendo como un ingreso na conta de perdas y ganancias.

**g) Clasificación entre corrente e non corrente-**

No balance adxunto, os saldos clasifícanse en non correntes e correntes. Os correntes comprenden aqueles saldos que a Sociedade espera vender, consumir, desembolsar ou realizar no transcurso do ciclo normal de explotación, aqueles outros que non correspondan con esta clasificación considéranse non correntes.

**h) Imposto sobre beneficios-**

O gasto ou ingreso por imposto sobre beneficios comprende á parte relativa ao gasto ou ingreso polo imposto corrente e a parte correspondente ao gasto ou ingreso por imposto diferido.

O imposto corrente é a cantidade que a Sociedade satisfai como consecuencia das liquidacións fiscais do imposto sobre o beneficio relativas a un exercicio. As bonificacións, deducións e outras vantaxes fiscais na cota do imposto, excluídas as retencións e pagos a conta, así como as perdas fiscais compensables de exercicios anteriores e aplicadas efectivamente en este, dan lugar a un menor importe do imposto corrente.

O gasto ou ingreso por imposto diferido correspón dese co recoñecemento e a cancelación dos activos e pasivos por imposto diferido. Estes inclúen as diferenzas temporarias que se identifican como aqueles importes que se prevén pagadeiros ou recuperables derivados das diferenzas entre os importes en libros dos activos e pasivos e o seu valor fiscal, así como as bases impoñibles negativas pendentes de compensación e os créditos por deducións fiscais non aplicadas fiscalmente. Ditos importes rexístranse aplicando á diferencia temporal o crédito que corresponda ao tipo de gravame ao que se espera recuperarlos o liquidalos.

Os activos por impostos diferidos xorden, igualmente, como consecuencia das bases impoñibles negativas pendentes de compensar e dos créditos por deducións fiscais xeradas e non aplicadas.

Recoñécense pasivos por impostos diferidos para todas as diferenzas temporarias impoñibles, excepto aqueles derivadas do recoñecemento inicial de fondos de comercio ou doutros activos e pasivos nunha operación que non afecta ni ao resultado fiscal ni ao resultado contable e non é unha combinación de negocios.

Pola súa parte, os activos por impostos diferidos só se recoñecen na medida en que se considere probable que a Sociedade vaia a dispoñer de ganancias fiscais futuras contra as que poder facelos efectivos e non procedan do recoñecemento inicial de outros activos e pasivos nunha operación que non sexa unha combinación de negocios e que non afecta nin ao resultado fiscal nin ao resultado contable. O resto de activos por impostos diferidos (bases impoñibles negativas e deducións pendentes de compensar) soamente se recoñecen no caso de que se considere probable que a Sociedade vaia a ter no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos.

Os activos e pasivos por impostos diferidos, orixinados por operacións con cargos ou abonos directos en contas de patrimonio, contabilízanse tamén con contrapartida en patrimonio neto.

En cada peche contable reconsideráranse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) con obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións aos mesmos da acordo cos resultados das análises realizadas.

Así mesmo, en cada peche avalíanse os activos por impostos diferidos non rexistrados no balance e estes son obxecto de recoñecemento na medida en que pase a ser probable a súa recuperación con beneficios fiscais futuros.

**i) Ingresos e gastos-**

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio de devengo, e dicir, cando se produza a corrente real de bens e servizos que os mesmos representan, con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles. Ditos ingresos valóranse polo valor razonable da contraprestación recibida, deducidos descontos e impostos.

En cuanto aos ingresos por prestación de servizos, estes recoñécense considerando a realización da prestación á data de balance, sempre e cando o resultado da transacción poida ser estimado con fiabilidade.

**j) Provisións e continxencias-**

Na formulación das contas anuais os Administradores da Sociedade diferencian entre:

1. **Provisións:** saldos acredores que cobren obrigacións presentes á data do balance orixinados como consecuencia de sucesos pasados dos que poden derívase prexuízos patrimoniais de probable materialización para a Sociedade, cuxo importe e/ou momento de cancelación son indeterminados. Ditos saldos rexístranse polo valor actual do importe máis probable que se estima que a Sociedade terá que desembolsar para cancelar a obrigación, e
2. **Pasivos continxentes:** obligacións posibles orixinadas como consecuencia de sucesos pasados, cuxa materialización futura está condicionada a que ocorran, ou non, uno ou máis eventos futuros independentes da vontade da Sociedade.

O balance da Sociedade recolle todas as provisións significativas con respecto as cales se estima que é probable que téñase que atender a obriga.

Os pasivos continxentes non se recoñecen no balance, senón que informase sobre os mesmos nas notas da memoria, na medida en que non sexan considerados como remotos.

As provisións valóranse polo valor actual da mellor estimación posible do importe necesario para cancelar ou transferir a obrigación, tendo en conta a información disponible sobre o suceso e as súas consecuencias, e rexistrándose os axustes que xurdan pola actualización de ditas provisións como un gasto financeiro conforme se vai devengando.


A compensación a recibir dun terceiro no momento de liquidar a obrigación, sempre que non existan dúbidas de que dito reembolso será percibido, rexístrase como activo, excepto no caso de que exista un vínculo legal por el que exteriorizase parte do risco, e en virtude do cal a Sociedade non estea obrigada a responder; nestas situacions, a compensación terase en conta para estimar o importe polo que, no seu caso, figurará a correspondente provisión.

**k) Elementos patrimoniais de natureza medioambiental-**

*Gastos de natureza medioambiental-*

Terán a natureza de gastos medioambientais os importes devengados para a xestión dos efectos medioambientais das operacións da Sociedade, así como os derivados dos compromisos medioambientais existentes.

Os gastos medioambientais derivados das citadas actividades considéranse gastos de explotación do exercicio no que se devengan, e se rexistran no epígrafe "Outros gastos de explotación" da conta de perdas e ganancias.



#### *Activos de natureza medioambiental-*

Os elementos incorporados ao patrimonio da Sociedade co obxecto de ser utilizados de forma duradeira na actividade, que teñan como finalidade principal a minimización do impacto medioambiental e a protección e mellora do medio ambiente, incluíndo a redución ou eliminación da contaminación futura das operacións da Sociedade, contabilízanse no epígrafe "Inmobilizado material" do balance.

A Sociedade cumpre coa lexislación medioambiental que lle é de aplicación, de acordo coa súa actividade.

Así mesmo, a Sociedade non ten ningunha cantidade de dereitos asignados durante o período de vixencia do Plan Nacional de Asignación sobre dereitos de emisión de gases de efecto invernadeiro a súa distribución anual.

#### *l) Criterios empregados para o rexistro e valoración dos Gastos de persoal-*

De acordo coa lexislación vixente, a Sociedade está obrigada ao pago de indemnizacíons a aqueles empregados cos que, baixo determinadas condicións, rescindan as súas relacíons laborais. Polo tanto, as indemnizacíons por despedimento susceptibles de cuantificación razonable rexístranse como gasto no exercicio no que se adopta a decisión do despedimento e se crea unha expectativa ante o traballador. Nestas contas anuais non se rexistrou provisión algúna por este concepto, xa que non están previstas situacións desta natureza.

A Sociedade non ten subscritos compromisos por pensíóns a favor dos seus traballadores.

#### *m) Subvencións, doazóns e legados-*

Para a contabilización das subvencións, doazóns e legados recibidos, a Sociedade segue os criterios seguintes:

- **Subvencións, doazóns e legados de capital non reintegrables:** Rexístranse formando parte do Patrimonio Neto, como ingresos imputados ao Patrimonio Neto no momento que se estima que se cumplen as condicións establecidas para a súa concesión e por conseguinte se estima que non existen dúbdas sobre o seu cobro. Valóranse polo valor razonable do importe do ben concedido, en función de se son de carácter monetario o non, e impútanse a resultados en proporción á dotación á amortización efectuada no período para os elementos subvencionados ou, no seu caso, cando se produza a súa enaxenación ou corrección valorativa por deterioro, con excepción das recibidas de socios ou propietarios que se rexistran directamente nos fondos propios e non constitúen ingreso algúun.
- **Subvencións de carácter reintegrable:** Mentre teñen o carácter de reintegrables contabilízanse como pasivos.
- **Subvencións de explotación:** Abóanse a resultados no momento no que, tras a súa concesión, a Sociedade estima que se cumplen as condicións establecidas nas mesmas e, por conseguinte, non existen dúbdas razonables sobre o seu cobro, e se imputan aos resultados de forma que se asegure en cada período unha adecuada correlación contable entre os ingresos derivados da subvención e os gastos subvencionados. Ata que se cumplen as condicións para considerar ditas subvencións como non reintegrables, mantéñense rexistradas como pasivo no epígrafe "Débedas a curto prazo - Outros pasivos financeiros" do balance.

#### *n) Transaccións con vinculadas-*

A Sociedade, como empresa pública autonómica adscrita ao Servizo Galego de Saúde, realiza actividade asistencial nos Hospitais pertencentes ao propio Servizo Galego de Saúde, sendo o Contrato - Programa asinado co mesmo o que establece as condicións das contraprestacións, tanto das cantidades a percibir pola prestación dos servizos asistenciais, coma as cantidades coas que ten que compensar pola prestación de servizos que recibe dos Hospitais onde leva a cabo a actividade asistencial.

**ñ) Estado de fluxos de efectivo-**

No estado de fluxos de efectivo utilizanse as seguintes expresións nos seguintes sentidos:

- Fluxos de efectivo: entradas e saídas de diñeiro en efectivo e os seus equivalentes, entendendo por estes os investimentos a curto prazo de gran liquidez e baixo risco de alteración no seu valor.
- Actividades de explotación: son aquellas que constitúen a principal fonte dos ingresos ordinarios da entidade, así como outras actividades que non poidan ser clasificadas como de investimento ou de financiamento.
- Actividades de investimento: as de adquisición, enaxenación e disposición por outros medios de activos a longo prazo e outros investimentos non incluídos no efectivo e equivalentes de efectivo.
- Actividades de financiamento: as que producen cambios no tamaño e composición do patrimonio neto e dos préstamos tomados por parte da entidade que non formen parte das actividades de explotación.

**5. Inmobilizado material**

O movemento habido durante os exercicios anuais terminados o 31 de decembro de 2019 e 2018 de cada partida de balance incluída neste epígrafe e das súas correspondentes amortizacóns acumuladas foi o seguinte:

**Exercicio 2019-**

	Euros					
	Saldo Inicial	Adicións (Dotacións)	Retiros	Traspasos	Decreto 70/2019 (Nota 1)	Saldo Final
<b>Custo:</b>						
Instalacións técnicas e maquinaria	22.062.067	63.860	(114.584)	135.519	(3.097.434)	19.049.428
Outras instalacións, ferramentas e mobiliario	1.660.084	125.555	(63.742)	-	(127.651)	1.594.246
Outro inmobilizado material	798.691	54.969	(338.038)	-	(11.291)	504.331
Inmobilizado en curso e anticipos	135.519	10.500	-	(135.519)	-	10.500
<b>Total custo</b>	<b>24.656.361</b>	<b>254.884</b>	<b>(516.364)</b>	<b>-</b>	<b>(3.236.376)</b>	<b>21.158.505</b>
<b>Amortización acumulada:</b>						
Instalacións técnicas e maquinaria	(18.467.448)	(753.286	114.584	-	3.041.626	(16.064.524)
Outras instalacións, ferramentas e mobiliario	(1.320.834)	(85.310)	63.157	-	111.065	(1.231.922)
Outro inmobilizado material	(726.865)	(36.376)	336.993	-	11.291	(414.957)
<b>Total amortización acumulada</b>	<b>(20.515.147)</b>	<b>(874.972)</b>	<b>514.734</b>	<b>-</b>	<b>3.163.982</b>	<b>(17.711.403)</b>
<b>Saldo neto</b>	<b>4.141.214</b>					<b>3.447.102</b>

**Exercicio 2018-**

	Euros		
	Saldo Inicial	Adicións (Dotacións)	Saldo Final
<b>Custo:</b> Instalacións técnicas e maquinaria Outras instalacións, ferramentas e mobiliario Outro inmobilizado material Inmobilizado en curso e anticipos	21.806.947 1.542.787 780.614 -	255.120 117.297 18.077 135.519	22.062.067 1.660.084 798.691 135.519
<b>Total custo</b>	<b>24.130.348</b>	<b>526.013</b>	<b>24.656.361</b>
 <b>Amortización acumulada:</b> Instalacións técnicas e maquinaria Outras instalacións, ferramentas e mobiliario Outro inmobilizado material	(17.841.634) (1.251.479) (688.223)	(625.814) (69.355) (38.642)	(18.467.448) (1.320.834) (726.865)
<b>Total amortización acumulada</b>	<b>(19.781.336)</b>	<b>(733.811)</b>	<b>(20.515.147)</b>
<b>Saldo neto</b>	<b>4.349.012</b>		<b>4.141.214</b>

*Adicións e retiros-*

Dentro do epígrafe de “Instalacións técnicas e maquinaria” recóllese no exercicio 2019 os traballos de instalación de accesos aos novos brancos e a adquisición dun novo cromatógrafo e un osmómetro para a Unidade de radiofármacos Pet (Ciclotrón) por importe de 32.340, 17.140 e 6.220 euros, respectivamente; Adicionalmente na unidade de protección radioloxica adquiríronse equipos de control de radiacións (maniquís, atenuadores) por importe total de 41.013 euros, rexistrados no epígrafe “Outras instalacións, ferramentas e mobiliario”. Neste mesmo epígrafe recóllese a adquisición de diverso material para inmobilización de pacientes oncolóxicos e outras instalacións para tratamentos de braquiterapia por importe de 32.197 euros. Por último, adquiríronse equipamento informáticos por un importe total de 53.675 euros, rexistrándose no epígrafe “Outro inmobilizado material” do balance ao 31 de decembro de 2019 adxunto.

No exercicio anterior no epígrafe de “Instalacións técnicas e maquinaria” levouse a cabo a ampliación das instalacións de traballo da Unidade de radiofármacos Pet (Ciclotrón) por importe de 75.571 euros; neste mesmo epígrafe rexistrouse a adquisición para a nova resonancia magnética móvil dunha nova bobina de mama e a instalación de novas conexións nos centro hospitalarios onde realiza a súa actividade por importe de 18.138 e 24.973 euros, respectivamente. Adicionalmente na unidade de oncoloxía radioterápica instalouse un novo ecógrafo por importe de 36.784 euros. Así mesmo, no epígrafe “Outras instalacións, ferramentas e mobiliario” recóllose a adquisición de diverso material para inmobilización de pacientes oncolóxicos e ferramentas de medición de radiacións por importe de 19.903 e 33.382 euros, respectivamente. Por último, adquiriuse dous brancos de Niobio de alto rendemento para a unidade de radiofármacos Pet (ciclotrón) por importe de 135.519 euros subministrados ao peche do exercicio 2018, rexistrándose no epígrafe “Inmobilizado en curso e anticipos” e o importe pendente de pagamento no epígrafe “Débedas a curto prazo – Outros pasivos financeiros” do balance ao 31 de decembro de 2018. As probas de validación e conformidade realizarónse no 2019 traspasándose ao epígrafe de “Instalacións técnicas e maquinaria”..

Como consecuencia da integración no Servicio Galego de Saúde da unidade económica de Diagnóstico por imaxe na parte correspondente a resonancia fixa a sociedade procedeu a dar de baixa o equipamento, mobiliario, ferramentas e equipos informáticos deteriorados u obsoletos non traspasado. O custe do equipamento dado de baixa ascendeu a 448.351 euros e unha amortización acumulada de 447.791 euros, rexistrándose na partida de “Resultados por enaxenación e outros” da conta de perdas e ganancias do exercicio 2019, unha perda por un importe de 560 euros.

Por último, durante o 2019 a Sociedade procedeu a dar de baixa diverso equipamento deteriorado por importe de 68.013 euros e unha amortización acumulada de 66.943 euros, rexistrándose na partida de “Resultados por

enaxenación e outros" da conta de perdas e ganancias do exercicio 2019, unha perda por un importe de 1.070 euros.

#### **Bens totalmente amortizados-**

O importe dos elementos de inmobilizado material totalmente amortizados ao 31 de decembro de 2019 e 2018 é o seguinte:

	Euros	
	31.12.2019	31.12.2018
Instalacións técnicas	11.315.203	14.312.564
Maquinaria	1.369.435	1.369.242
Ferramenta	343.520	350.266
Outras instalacións	69.661	126.676
Mobiliario	504.889	583.274
Equipos para o proceso de información	332.409	658.910
Outro inmobilizado material	13.848	18.605
	<b>13.948.965</b>	<b>17.419.537</b>

A Sociedade non realizou correccións valorativas dos bens de inmobilizado material.

#### **Política de seguros-**

A Sociedade segue a política de formalizar pólizas de seguro para cubrir os posibles riscos aos que están suxeitos os diversos elementos do inmobilizado material. Os Administradores da Sociedade estiman que a cobertura contratada ao 31 de decembro de 2019 resulta suficiente para cubrir os riscos propios das actividades da Sociedade.

#### **Expedientes de adquisición de inmobilizado-**

O detalle dos expedientes de adquisición de inmobilizado adxudicados pendentes de incorporar ó inmobilizado da Sociedade ao 31 de decembro de 2019 e 2018 é o seguinte:

#### **Exercicio 2019-**

Expediente	Obxecto	Axdicatario	Euros	
			Importe adxudicado	Importe pendente
AB-GLR1-18-040	Celda quente e unidade dispensación (*)	Microbeam	338.748	338.748
AB-GLR1-17-006	Sistema de braquiterapia de alta tasa	Elekta Medical	166.980	166.980

(\*) Recepcionado en febreiro 2020

#### **Exercicio 2018-**

Expediente	Obxecto	Axdicatario	Euros	
			Importe adxudicado	Importe pendente
AB-GLR1-18-040	Celda quente e unidade dispensación	Microbeam	338.748	338.748
AB-GLR1-17-006	Sistema de braquiterapia de alta tasa	Elekta Medical	166.980	166.980

#### **Outra información-**

Tal e como se indica na Nota 7, ao peche do exercicio 2019 e 2018 a Sociedade tiña contratadas diversas operacións de arrendamento financeiro sobre o seu inmobilizado material.

Con data 27 de febreiro de 2017 a Dirección Xeral de política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos emitiu autorización para a formalización no 2017 de contratos de arrendamento financeiro por un importe máximo de 2.530.000 de euros. O detalle das inversións obxecto deste financiamento o 31 de decembro de 2019 é o seguinte:

Expediente	Obxecto	Euros	
		Importe estimado	Importe finanziado
AB-GLR1-17-001 AB-GLR1-17-004 AB-GLR1-17-005	Equipo de Radiocirurxía Resonancia móbil Equipamento Ciclotrón (*)	650.000	688.490
		1.500.000	1.413.280
		380.000	-
		<b>2.530.000</b>	<b>2.101.770</b>

(\*) Expediente declarado deserto

#### **6. Inmobilizado intanxible**

O movemento habido durante os exercicios 2019 e 2018 en cada partida do balance incluída neste epígrafe e dos seus correspondentes amortizacións acumuladas, foi o seguinte:

##### **Exercicio 2019-**

	Euros		
	Saldo Inicial	Adicións (Dotacións)	Saldo Final
<b>Custo:</b>			
Patentes, licencias e marcas	5.013	-	5.013
Aplicacións informáticas	416.142	19.322	435.464
<b>Total custo</b>	<b>421.155</b>	<b>19.322</b>	<b>440.477</b>
<b>Amortización acumulada:</b>			
Patentes, licencias e marcas	(5.013)	-	(5.013)
Aplicacións informáticas	(364.517)	(24.987)	(389.504)
<b>Total amortización acumulada</b>	<b>(369.530)</b>	<b>(24.987)</b>	<b>(394.517)</b>
<b>Saldo neto</b>	<b>51.625</b>		<b>45.960</b>

**Exercicio 2018-**

	Euros			
	Saldo Inicial	Adicións (Dotacións)	Traspasos	Saldo Final
<b>Custo:</b>				
Patentes, licencias e marcas	5.013	-	-	5.013
Aplicacións informáticas	363.043	51.169	1.930	416.142
Outro inmovilizado intanxible	1.930	-	(1.930)	-
<b>Total custo</b>	<b>369.986</b>	<b>51.169</b>	-	<b>421.155</b>
<b>Amortización acumulada:</b>				
Patentes, licencias e marcas	(5.013)	-	-	(5.013)
Aplicacións informáticas	(350.538)	(13.979)	-	(364.517)
<b>Total amortización acumulada</b>	<b>(355.551)</b>	<b>(13.979)</b>	-	<b>(369.530)</b>
<b>Saldo neto</b>	<b>14.435</b>			<b>51.625</b>

**Adicións-**

As principais adicións no exercicio 2019 corresponden adquisición de aplicacións informáticas de xestión por importe de 19.322 euros (51.169 euros en 2018).

**Bens totalmente amortizados-**

O importe dos elementos de inmovilizado intanxible totalmente amortizados ao 31 de decembro de 2019 e 2018 son os seguintes:

	Euros	
	31.12.2019	31.12.2018
Patentes, licencias e marcas	5.013	5.013
Aplicacións informáticas	360.463	359.316
<b>365.476</b>	<b>364.329</b>	

A Sociedade non realizou correccións valorativas dos bens de inmovilizado intanxible.

**7. Arrendamentos e outras operacións de natureza similar**

**Arrendamentos financeiros-**

Ao peche do exercicios 2019 e 2018 a Sociedade, na súa condición de arrendataria financeira, ten recoñecidos activos arrendados conforme ao seguinte detalle:

J

N

**Exercicio 2019-**

Descripción do Ben	Duración do Contrato (en trimestres)	Euros				
		Custo en Orixé	Cotas Satisffeitas		Cotas Pendentes (Nota 8)	Opción de Compra <sup>(*)</sup>
			De Anos Anteriores	Do Exercicio 2019		
Resonancia magnética móvil Equipo de Radiocirurxía	32 32	1.413.280	-	200.031	1.213.249	17.005
		688.490	8.013	96.312	584.165	8.188
		<b>2.101.770</b>	<b>8.013</b>	<b>296.343</b>	<b>1.797.414</b>	<b>25.193</b>

(\*) Importe incluído no saldo de "Cotas pendentes".

**Exercicio 2018-**

Descripción do Ben	Duración do Contrato (en trimestres)	Euros				
		Custo en Orixé	Cotas Satisffeitas		Cotas Pendentes (Nota 8)	Opción de Compra <sup>(*)</sup>
			De Anos Anteriores	Do Exercicio 2018		
Sala hemodinámica Innova 2100 Resonancia magnética Resonancia magnética móvil Equipo de Radiocirurxía	35 35 32 32	615.405	595.062	20.343	-	20.343
		440.000	425.501	14.499	-	14.499
		1.413.280	-	-	1.413.280	17.005
		688.490	-	8.013	680.477	8.188
		<b>3.157.175</b>	<b>1.020.563</b>	<b>42.855</b>	<b>2.093.757</b>	<b>60.035</b>

(\*) Importe incluído no saldo de "Cotas pendentes".

Os bens financiados pertencen as partidas de instalacións técnicas e maquinaria do balance da Sociedade.

Con datas 15 e 19 de decembro de 2017 formalizáronse dous contratos de arrendamento financeiro para a adquisición dunha resonancia magnética móvil e dun sistema de radiocirurxía (Nota 5), sendo os importes a financiar en 96 cotas mensuais cun ano de carencia de 1.413.280 e 688.490 euros, respectivamente. O tipo de interese está referido ao Euribor a un ano máis un diferencial de 0,45 puntos.

Nos exercicios 2018 e 2019 non se formalizaron contratos de arrendamento financeiro.

Os distintos tipos de operacións de arrendamento financeiro que a Sociedade mantén, teñen a seguinte desagregación:

Arrendamentos Financeiros Información do arrendatario	Euros	
	2019	2018
Importe dos pagos futuros mínimos o peche do exercicio	1.793.373	2.097.250
(-) Gastos financeiros non devengados	21.152	28.686
Valor actual ó peche do exercicio	1.772.221	2.068.564
Valor da opción de compra	25.193	25.193
<b>Cotas pendentes</b>	<b>1.797.414</b>	<b>2.093.757</b>

O detalle das cotas de arrendamento financeiro mínimas de acordo cos actuais contratos en vigor é a seguinte:

Arrendamentos Financeiros Cotas Mínimas	Euros			
	Pagos mínimos		Valor actual	
	2019	2018	2019	2018
Menos dun año	303.749	304.009	297.260	296.343
Entre un e cinco anos	1.212.380	1.213.428	1.198.267	1.194.570
Máis de cinco anos	302.436	605.006	301.887	602.844
	<b>1.818.565</b>	<b>2.122.443</b>	<b>1.797.414</b>	<b>2.093.757</b>

#### **Arrendamentos operativos-**

Ao peche dos exercicios 2019 e 2018 a Sociedade ten contratado cos arrendadores as seguintes cotas de arrendamento mínimas, de acordo cos actuais contratos en vigor, sen ter en conta repercusión de gastos comúns, incrementos futuros por IPC, nin actualizacións futuras de rendas pactadas contractualmente:

Arrendamentos Operativos Cotas Mínimas	Valor Nominal (Euros)	
	2019	2018
Menos dun año	1.244.341	1.481.966
Entre un e cinco anos	3.642.783	5.785.220
Máis de cinco anos	-	82.104
	<b>4.887.124</b>	<b>7.349.290</b>

O arrendamento operativo vixente máis importante nos exercicios 2019 e 2018 corresponde co importe asociado a cesión de diverso equipamento tecnolóxico no marco do convenio de colaboración subscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a Sociedade (Nota 1).

O importe das cotas de arrendamento recoñecidas como gasto no exercicio 2019 ascendeu a 1.368.666 euros (1.494.218 euros 2018).

#### **8. Instrumentos financeiros**

##### **Clasificación de instrumentos financeiros-**

A clasificación e distribución dos instrumentos financeiros que mantén a sociedade no balance ao 31 de decembro de 2019 e 2018 detállase a continuación:

**Activos financeiros a curto prazo, salvo investimentos no património de empresas do grupo, multigrupo e associadas-**

Categorías	Euros	
	Créditos, derivados e outros	
	2019	2018
Préstamos e partidas a cobrar	2.873.792	2.073.103

**Pasivos financeiros a longo prazo-**

Categorías	Euros	
	Débedas con entidades de crédito	
	2019	2018
Débitos e partidas a pagar	1.500.154	1.797.414

**Pasivos financeiros a curto prazo-**

Categorías	Euros					
	Débedas con entidades de crédito		Derivados e outros		Total	
	2019	2018	2019	2018	2019	2018
Débitos e partidas a pagar	297.260	296.343	1.882.888	1.230.684	2.180.148	1.527.027

**Vencimentos dos instrumentos financeiros-**

O detalle por vencimentos dos instrumentos financeiros ao 31 de decembro de 2019 e 2018, é o seguinte:

**Activos financeiros-**

Exercicio 2019-

	Euros	
	2020	
<b>Debedores comerciais e outras contas a cobrar-</b>		
Clientes por vendas e prestación de servizos	2.872.941	
Debedores varios	745	
Persoal	106	
	<b>2.873.792</b>	

J

N

Exercicio 2018-

	Euros
	2019
<b>Debedores comerciais e outras contas a cobrar-</b>	
Clientes por vendas e prestación de servizos	2.071.279
Debedores varios	745
Persoal	1.079
	<b>2.073.103</b>

**Pasivos financeiros-**

Exercicio 2019-

	Euros						
	2020	2021	2022	2023	2024	Máis de 5 anos	Total
<b>Débedas</b>							
Acredores por arrendamento financeiro	297.260	298.180	299.102	300.028	300.956	301.888	1.797.414
Outros pasivos financeiros	422.117	-	-	-	-	-	422.117
<b>Acredores comerciais e outras contas</b>							
Provedores	1.268.955	-	-	-	-	-	1.268.955
Persoal	191.816	-	-	-	-	-	191.816
	<b>2.180.148</b>	<b>298.180</b>	<b>299.102</b>	<b>300.028</b>	<b>300.956</b>	<b>301.888</b>	<b>3.680.302</b>

Exercicio 2018-

	Euros						
	2019	2020	2021	2022	2023	Máis de 5 anos	Total
<b>Débedas</b>							
Acredores por arrendamento financeiro	296.343	297.260	298.180	299.102	300.028	602.844	2.093.757
Outros pasivos financeiros	212.736	-	-	-	-	-	212.736
<b>Acredores comerciais e outras contas</b>							
Provedores	775.549	-	-	-	-	-	775.549
Persoal	242.399	-	-	-	-	-	242.399
	<b>1.527.027</b>	<b>297.260</b>	<b>298.180</b>	<b>299.102</b>	<b>300.028</b>	<b>602.844</b>	<b>3.324.441</b>

*Outra información sobre pasivos financeiros-*

A Sociedade ten subscrita unha póliza de crédito con Bankia cun límite de 2.000.000 euros. O tipo de interese nominal está referenciado ao Euribor a 3 meses máis un diferencial de 0,40 puntos. Ao 31 de decembro de 2019 e 2018 a Sociedade non tiña disposto importe algúin.

Durante o exercicio 2019 o importe rexistrado en concepto de intereses por arrendamento financeiro e póliza de crédito no epígrafe "Gastos financeiros – Débedas con terceiros" da conta de perdas e ganancias adxunta ascendeu a 9.276 e 1.230 euros, respectivamente 1.601 e 234 euros, respectivamente en 2018).

#### **Correccións por deterioro de valor orixinadas polo risco de crédito-**

O detalle das correccións por deterioro de créditos por operación comercias rexistradas durante os exercicios 2019 e 2018 é o seguinte:

	Euros	
	Créditos, derivados e outros a curto prazo	
	2019	2018
<b>Deterioro de créditos por operacións comerciais ao inicio do exercicio:</b>		
Perdas por deterioro de créditos comerciais	(850.784)	(701.035)
Reversión do deterioro de créditos comerciais	(186.833)	(267.018)
	220.383	117.269
<b>Deterioro de créditos por operacións comerciais ao final do exercicio:</b>		
	(817.234)	(850.784)

#### **Inversións en empresas do grupo e asociadas a longo prazo-**

Dentro deste epígrafe, a Sociedade rexistra o custe da participación que posúe no 27% do capital de G.E. Healthcare Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia S.L. superando o límite sinalado na indicación segunda do artigo 260 da Lei 1/2010 de Sociedades de Capital.

O domicilio social localízase no Polígono Industrial de Ordes, parcela 20, e dedícase a elaboración, dispensación e subministración de monodoses de radiofármacos , así coma a xestión e recollida de residuos sólidos e radioactivos dos servizos de Medicina Nuclear.

A sociedade non cotiza en bolsa.

Ao 31 de decembro de 2019 e ao 31 de decembro de 2018, G.E. Healthcare Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia S.L. presentaba a seguinte situación patrimonial:

	Euros	
	31.12.19	31.12.18
<b>Patrimonio Neto:</b>		
Capital social	270.000	270.000
Prima de emisión	180.000	180.000
Reserva legal	32.250	32.250
Outras reservas	423.552	338.078
Resultado do exercicio	219.980	85.471
	<b>1.125.782</b>	<b>905.801</b>
<b>Valor en libros da participación</b>	<b>129.000</b>	<b>129.000</b>
<b>Resultado do exercicio:</b>		
Resultado de explotación	293.207	109.215
Outras perdas do exercicio	(73.227)	(23.744)
<b>Resultado de op. Continuadas</b>	<b>219.980</b>	<b>85.471</b>

Con data 18 de marzo de 2020 o Consello de administración de G.E. Healthcare Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia S.L. aprobou as contas do exercicio 2019.

O investimento no patrimonio da empresa encóntrase valorada a valor razoable, e é equivalente á contraprestación entregada ao non realizarse correccións valorativas.

#### **Tesourería-**

A información do efectivo ao 31 de decembro de 2019 e 2018 é como sigue:

	Euros	
	2019	2018
Caixa	203	106
Bancos	55.532	12.625
	<b>55.735</b>	<b>12.731</b>

O total de efectivo inclúese no estado de fluxos de efectivo.

Todos os saldos son de libre disposición.

#### **Garantías e avales-**

Ao 31 de decembro de 2019 a Sociedade tiña formalizados avales bancarios por un importe de 4.000 euros (mesmo importe ao 31 de decembro de 2018), corresponden a diferentes garantías comprometidas con provedores. Así mesmo, a Sociedade recibiu avales por importe de 295.352 euros como garantía da subministración e prestación de servizos de provedores (296.409 euros no exercicio anterior).

#### **Información sobre natureza e nivel de risco dos instrumentos financeiros-**

##### ***Información cualitativa-***

A xestión dos riscos financeiros da Sociedade está centralizada na Dirección, a cal ten establecidos os mecanismos necesarios para controlar a exposición ás variacións nos tipos de interese, así como aos riscos de crédito e liquidez. A continuación indícanse os principais riscos financeiros que impactan na Sociedade:

##### **1. Risco de crédito**

Con carácter xeral a Sociedade mantién a súa tesourería e activos líquidos equivalentes en entidades financeiras de elevado nivel crediticio.

Adicionalmente, hai que indicar que, a práctica totalidade das operacións realizanse cun único cliente (SERGAS), se ben, non se estima que esta situación supoña un risco de crédito dada a solvencia deste.

##### **2. Risco de liquidez**

A Sociedade leva a cabo unha xestión prudente do risco de liquidez, fundada no mantemento de suficiente efectivo, e a disponibilidade de financiamento. Co fin de asegurar a liquidez e poder atender todos os compromisos de pago que se derivan da súa actividade, a Sociedade dispón da tesourería que mostra o seu balance, así como das liñas crediticias e de financiamento que se detallan nesta mesma Nota.

##### **3. Risco de mercado (inclúe tipo de interese, tipo de cambio e outros riscos de prezo).**

A tesourería e a débeda financeira da Sociedade están expostas ao risco de tipo de interese, o cal podería ter un efecto adverso nos resultados financeiros e nos fluxos de caixa, pero en calquera caso non significativo en opinión dos Administradores.

#### **Fondos propios-**

##### **Capital escriturado-**

Ao peche do exercicio 2018 o capital social da Sociedade ascendeu a 1.352.361,50 euros, representado por 350 accións de 3.863,89 euros de valor nominal cada unha, todas elas da mesma clase, totalmente subscritas e desembolsadas pola Xunta de Galicia.

Consecuencia do proceso de integración no Servicio Galego de Saúde da unidade económica de Diagnóstico por imaxe na parte correspondente a resonancia fixa mediante a redución de capital con devolución de aportacións (Nota 1), ao peche do exercicio 2019 o capital social da Sociedade ascende a 1.275.361,50 euros, representado por 350 accións de 3.643,89 euros de valor nominal cada unha, todas elas da mesma clase, totalmente subscritas e desembolsadas pola Xunta de Galicia. Desta forma, e de acordo coa lexislación mercantil en vigor, a Sociedade ten carácter de sociedade unipersonal.

##### **Reserva legal-**

De acordo coa Lei de Sociedades de Capital, debe destinarse unha cifra igual ao 10% do beneficio do exercicio á reserva legal ata que esta alcance, ao menos, o 20% do capital social. A reserva legal poderá utilizarse para aumentar o capital na parte do seu saldo que exceda do 10% do capital xa aumentado. Salvo para a finalidade mencionada anteriormente, e mentres non supere o 20% do capital social, esta reserva só poderá destinarse á compensación de perdas e sempre que non existan outras reservas dispoñibles suficientes para este fin.

Ao peche dos exercicios 2019 e 2018 esta reserva se encontraba constituída na súa totalidade.

#### **9. Existencias**

O detalle de variación dos deterioros de existencias dos exercicios 2019 e 2018 é o seguinte:

	Euros	
	2019	2018
Deterioro de existencias ao inicio do exercicio	(7.085)	(4.149)
Perdas por deterioro de existencias	(4.465)	(7.085)
Reversión do deterioro de existencias	7.085	4.149
<b>Deterioro de existencias ao final do exercicio</b>	<b>(4.465)</b>	<b>(7.085)</b>

Os criterios de valoración seguidos sobre correccións valorativas por deterioro de existencias, son a estimación da perda por deterioro sobre aquellas existencias que non tiveron rotación no exercicio 2019.

Existen acordos marcos de subministracións con provedores de existencias nos que se fixa un custo de compra unitario do ben pero non se compromete compra sobre cantidades.

## **10. Situación fiscal**

### **Saldos correntes coas Administracións Públicas-**

A Sociedade mantiña ao 31 de decembro de 2019 e 2018 os seguintes saldos coas Administracións Públicas:

	Euros	
	2019	2018
<b>Facenda Pública debedora-</b>		
Activo por imposto corrente-	75.348	215.661
Outros créditos coas Administracións Públicas-		
Por subvencións concedidas (Nota 13)	111.560	25.000
Organismos da Seguridade Social debedores	53	103
	<b>186.961</b>	<b>240.764</b>
<b>Facenda Pública acredora-</b>		
Pasivo por imposto corrente-	38.746	38.746
Outras débedas coas Administracións Públicas-		
Acredora por I.V.E. repercutido	6.362	2.873
Acredora por I.R.P.F.	179.383	174.629
Organismos da Seguridade Social acredores	155.582	170.179
	<b>380.073</b>	<b>386.427</b>

### **Conciliación do importe neto de ingresos e gastos do exercicio coa base imponible do imposto sobre Sociedades-**

O Imposto sobre Sociedades do exercicio calcúlase en base ao resultado contable, obtido pola aplicación de principios de Contabilidade xeralmente aceptados, que non necesariamente ten que coincidir co resultado fiscal, entendido este coma a base imponible do citado imposto.

A conciliación do resultado contable antes de impostos dos exercicios 2019 e 2018 coa base imponible prevista do Imposto sobre Sociedades é a seguinte:

**Exercicio 2019-**

	Euros		
	Conta de perdas e ganancias		Total
	Aumentos	Diminucións	
<b>Saldo de ingresos e gastos do exercicio</b>			<b>102.421</b>
Imposto sobre Sociedades	27.972	-	27.972
<b>Diferenzas permanentes:</b>			
Multas e sancións	3.026	-	3.026
Deterioro de créditos con Administracións Públicas	-	(21.532)	(21.532)
<b>Diferenzas temporais:</b>			
Cotas de Leasings	-	(33.622)	(33.622)
Amortización non deducible	-	(134.716)	(134.716)
Provisións por responsabilidades (Nota 12)	-	(12.970)	(12.970)
<b>Base imponible fiscal previa</b>			<b>(69.421)</b>
<b>Base imponible fiscal</b>			<b>(69.421)</b>

**Exercicio 2018-**

	Euros		
	Conta de perdas e ganancias		Total
	Aumentos	Diminucións	
<b>Saldo de ingresos e gastos do exercicio</b>			<b>382.506</b>
Imposto sobre Sociedades	135.205	-	135.205
<b>Diferenzas permanentes:</b>			
Multas e sancións	1.575	-	1.575
Deterioro de créditos con Administracións Públicas	21.532	-	21.532
<b>Diferenzas temporais:</b>			
Cotas de Leasings	87.111	-	87.111
Amortización non deducible	-	(134.716)	(134.716)
Provisións por responsabilidades (Nota 12)	8.537	(12.541)	(4.004)
<b>Base imponible fiscal previa</b>			<b>489.209</b>
<b>Compensación de bases imponibles negativas</b>			<b>(244.605)</b>
<b>Base imponible fiscal</b>			<b>244.604</b>

De conformidade co Real Decreto - Lei 20/2012, de 13 de xullo, a contía das bases imponibles negativas a compensar no exercicio, ascende ao 50% da base imponible previa.

A explicación e conciliación numérica entre o gasto/ingreso por Impostos sobre beneficios e o resultado de multiplicar os tipos de gravame aplicables ao total de ingresos e gastos recoñecidos, diferenciando o saldo da conta de perdas e ganancias é a seguinte:

### **Diferenzas permanentes-**

Os aumentos ao resultado contable do exercicio 2019, por importe de 3.026 euros, aproximadamente, e do exercicio 2018, por importe de 1.575 euros, aproximadamente, corresponden á consideración como non deducibles dende o punto de vista fiscal do gasto contabilizado como consecuencia da imposición de sancións, multas e outros recargos á Sociedade, por aplicación do disposto no artigo 15.c) da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades. O importe das multas e sancións rexístranse no epígrafe "Outros resultados" da conta de perdas e ganancias ao 31 de decembro de 2019 adxunta.

Así mesmo, as diferenzas permanentes negativas por importe de 21.532 euros (21.532 euros positiva en 2018) correspóndense co importe non deducible de dotacións de saldos a cobrar de entidades de dereito público de acordo co establecido no artigo 12.2.1º do Texto Refundido da Lei do Imposto sobre Sociedades que se dotaron este ano.

### **Diferenzas temporais-**

#### **Con orixe no exercicio-**

Na liquidación do Imposto obre sociedades do exercicio 2018, a diferenza temporal positiva con orixe no exercicio por importe de 87.111 euros corresponde coa diferenza entre o gasto rexistrado asociado á recuperación do custe do ben e a cota de arrendamento financeiro aboada a entidade de crédito, este exceso será deducible nos períodos impositivos sucesivos, de acordo co establecido no artigo 106 del do Real Decreto Lexislativo 4/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Imposto sobre Sociedades. Como consecuencia, orixinouse un Activo por imposto diferido por importe de 21.778 euros, aproximadamente.

Adicionalmente no exercicio 2018 orixináronse diferenzas temporais positivas que supuxeron un aumento ao resultado contable por importe de 8.537 euros aproximadamente, orixinadas por dotacións para provisións non deducibles por aplicación do artigo 14 del do Real Decreto Lexislativo 4/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Imposto sobre Sociedades. Como consecuencia, rexistrouse un Activo por imposto diferido por importe de 2.134 euros, aproximadamente.

#### **Con orixe en exercicios anteriores-**

A diferenza temporal negativa con orixe no exercicio anterior por importe de 33.622 euros corresponde coa diferenza entre o gasto rexistrado asociado á recuperación do custe do ben e a cota de arrendamento financeiro aboada a entidade de crédito, este exceso orixinado no exercicio 2018 será deducible nos períodos impositivos sucesivos, de acuerdo co establecido no artigo 106 del do Real Decreto Lexislativo 4/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Imposto sobre Sociedades. Como consecuencia, orixinouse un Activo por imposto diferido por importe de 8.406 euros, aproximadamente.

Por outra banda, as diferenzas temporais con orixe en exercicios anteriores que supoñen unha redución do resultado contable por importe de 134.716 euros aproximadamente (mesmo importe no 2018), orixínase por aplicación do artigo 7 da Lei 16/2012, de 27 de decembre pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica. A amortización contable que non resultou fiscalmente deducible en anos anteriores en virtude do disposto neste artigo (660.762 euros en 2014 e 686.399 euros en 2013), deducirase de forma lineal durante un prazo de 10 anos u opcionalmente durante a vida útil do elemento patrimonial, a partires do primeiro período impositivo que se inicie dentro do ano 2015. Como consecuencia, minórase o Activo por imposto diferido por importe de 40.415 euros, aproximadamente (mesmo efecto no 2018).

Por último, as diferenzas temporais con orixe en exercicios anteriores que supoñen una redución do resultado contable por importe de 12.970 euros (12.541 euros no 2018), correspón dese con provisións dotadas en exercicios anteriores que adquiriron a condición de deducibles fiscalmente por aplicación do artigo 13 del do Real Decreto Lexislativo 4/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Imposto sobre Sociedades. Como consecuencia de dicho axuste, canceláse un activo por imposto diferido por importe de 3.242 euros (3.135 euros no 2018), aproximadamente.

### **Deducións-**

A Sociedade acolleuse no exercicio 2015 aos incentivos fiscais á actividade de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica que establece a normativa fiscal vixente, acreditando, en dito exercicio, unha dedución por actividade de investigación e desenvolvemento por importe de 115.348 euros, aproximadamente. A consecuencia da cota positiva acreditada, na liquidación do Imposto sobre sociedades do exercicio 2018, compensouse na liquidación do imposto a cantidad de 15.288 euros, aproximadamente, quedando pendente de aplicar ao peche do exercicio 2019 64.962 euros.

Así mesmo, en aplicación da Disposición transitoria trixésima séptima da Lei 27/2014, de 27 de novembro do Imposto sobre Sociedades, a Sociedade, terá dereito a unha dedución na cota íntegra do 5 por ciento das cantidades que integren na base imponible. O importe da dedución xerada no exercicio 2019 por este concepto ascendeu a 6.736 euros (mesmo importe no exercicio 2018). Neste sentido, a Sociedade acreditou no 2015 unha dedución por reversión de medidas temporais por importe de 2.694 euros, e 6.736 euros no exercicio 2016 e no exercicio 2017 pendentes de aplicar.

### **Conciliación entre Resultado contable e o ingreso por Imposto sobre Sociedades-**

A conciliación entre o resultado contable e o gasto por Imposto sobre Sociedades dos exercicios 2019 e 2018 é a seguinte:

#### **Exercicio 2019-**

	Euros
Resultado contable antes de impuestos	130.393
Diferencias permanentes	(18.506)
Base imponible fiscal	111.887
Cota ao 25%	27.972
<b>Total gasto por imposto sobre beneficios</b>	<b>27.972</b>

#### **Exercicio 2018-**

	Euros
Resultado contable antes de impuestos	517.711
Diferencias permanentes	23.107
Base imponible fiscal	540.818
Cota ao 25%	135.205
<b>Total gasto por imposto sobre beneficios</b>	<b>135.205</b>

### **Desagregación do gasto (ingreso) por imposto sobre beneficios-**

A desagregación do gasto por imposto sobre beneficios correspondente aos exercicios 2019 e 2018 é o seguinte:

**Exercicio 2019-**

	Euros			
	Variacións do Imposto diferido de activo			Total
	Diferenzas temporais	Crédito impositivo por Bases impoñibles negativas	Outros Créditos	
<b>Imputación a perdas e ganancias:</b> A operacións continuadas	52.063	(17.355)	(6.736)	27.972

**Exercicio 2018-**

	Euros				Total	
	Imposto corrente	Variacións do Imposto diferido de activo				
		Diferenzas temporais	Crédito impositivo por Bases impoñibles negativas	Outros Créditos		
<b>Imputación a perdas e ganancias:</b> A operacións continuadas	45.864	19.638	61.151	8.552	135.205	

En aplicación ao establecido no artigo 29 e na Disposición transitoria trixésima cuarta da Lei 27/2014, de 27 de novembro do Imposto sobre Sociedades o tipo xeral de gravame establecido para o período impositivo do 2019 será do 25%.

**Activos por imposto diferido rexistrados-**

Os movementos habidos durante os exercicios 2019 e 2018 no epígrafe de activos por imposto diferido, son os seguintes:

**Exercicio 2019-**

	Euros			
	Saldo Inicial	Adicións	(Diminucións)	Saldo Final
Créditos por bases impoñibles negativas exercicio 2015	89.104	-	-	89.104
Créditos por bases impoñibles negativas exercicio 2017	3.813	-	-	3.813
Créditos por bases impoñibles negativas exercicio 2019	-	17.355	-	17.355
Créditos por deducións pendentes	87.864	6.736	-	94.600
Créditos por diferenzas temporais deducibles	267.509	-	(52.063)	215.446
<b>Total activos por imposto diferido</b>	<b>448.290</b>	<b>24.091</b>	<b>(52.063)</b>	<b>420.318</b>

**Exercicio 2018-**

	Euros			
	Saldo Inicial	Adiciones	(Diminucións)	Saldo Final
Créditos por bases impoñibles negativas ejercicio 2010	37.212	-	(37.212)	-
Créditos por bases impoñibles negativas ejercicio 2011	1.875	-	(1.875)	-
Créditos por bases impoñibles negativas ejercicio 2015	111.168	-	(22.064)	89.104
Créditos por bases impoñibles negativas ejercicio 2017	3.813	-	-	3.813
Créditos por deducións pendentes	96.416	6.736	(15.288)	87.864
Créditos por diferenzas temporais deducibles	287.147	-	(19.638)	267.509
<b>Total activos por imposto diferido</b>	<b>537.631</b>	<b>6.736</b>	<b>(96.077)</b>	<b>448.290</b>

Ao peche do exercicio 2019, o detalle das deducións rexistradas no balance adxunto é o seguinte:

	Exercicio de Xeración	Euros		Último Exercicio de Aplicación
		Pendente de Aplicación		
Deducción por actividadade de I+D+i	2015	64.962		2033
Deducción por amortización	2015	2.694		-
Deducción por amortización	2016	6.736		-
Deducción por amortización	2017	6.736		-
Deducción por amortización	2018	6.736		-
Deducción por amortización	2019	6.736		-
			<b>94.600</b>	

Ao peche do exercicio 2018, o detalle das deducións rexistradas no balance adxunto é o seguinte:

	Exercicio de Xeración	Euros		Último Exercicio de Aplicación
		Pendente de Aplicación		
Deducción por actividadade de I+D+i	2015	64.962		2033
Deducción por amortización	2015	2.694		-
Deducción por amortización	2016	6.736		-
Deducción por amortización	2017	6.736		-
Deducción por amortización	2018	6.736		-
			<b>87.864</b>	

**Bases impoñibles negativas-**

O detalle das Bases Impoñibles Negativas, activadas no 2019 como créditos fiscais, é o seguinte:

Exercicio de Activación	Euros	
	Pendente de Aplicación	
2015	356.419	
2017	15.252	
2019	69.421	
	<b>441.092</b>	

No exercicio 2018, o detalle das Bases Impoñibles Negativas, activadas como créditos fiscais, era o seguinte:

Exercicio de Activación	Euros
	Pendente de Aplicación
2015	356.419
2017	15.252
	<b>371.671</b>

De acordo coa lexislación vixente, as bases impoñibles negativas dun exercicio poderán compensarse a efectos impositivos cas bases impoñibles positivas dos períodos impositivos seguintes, coas limitacións do artigo 26 da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades. Sen embargo, o importe final a compensar por ditas bases impoñibles negativas puidera ser modificado, no seu caso, como consecuencia da comprobación, por parte das autoridades fiscais, dos exercicios nas que se produciron.

Os activos por imposto diferido indicados anteriormente foron rexistrados no balance por considerar os Administradores da Sociedade que, conforme á mellor estimación sobre os resultados futuros da Sociedade, incluíndo determinadas actuacións de planificación fiscal, é probable que ditos activos sexan recuperados.

#### **Pasivos por imposto diferido-**

Durante os exercicios 2019 e 2018 non houbo movementos no epígrafe de pasivos por imposto diferido.

#### **Impostos recoñecidos no patrimonio neto-**

O imposto relativo ás subvencións de capital recoñécese directamente no patrimonio neto.

#### **Exercicios pendentes de comprobación e actuacións inspectoras-**

Con data 20 de xullo de 2017 comunicouse a Sociedade o inicio de actuacións inspectoras para a comprobación das bases impoñibles negativas aplicadas nos anos 2012 a 2014, emitíndose acta de conformidade favorable a Sociedade o 4 de maio de 2018.

Así mesmo con data 23 de xaneiro de 2020 comunicouse a Sociedade o inicio de actuacións inspectoras para a comprobación a aplicación do Imposto sobre o Valor Engadido das operacións realizadas nos exercicios 2016 e 2017 atopándose en curso á data de formulación destas contas anuais.

Segundo establece a lexislación vixente, os impostos non poden considerarse definitivamente liquidados ata que as declaracións presentadas fosen inspeccionadas polas autoridades fiscais ou transcorra o prazo de prescripción de catro anos. Ao peche do exercicio terminado o 31 de decembro de 2019 a Sociedade tiña abertos a inspección os exercicios 2015 e seguintes para o Imposto sobre Sociedades, excepto o exercicio 2012 e 2013 para a aplicación de bases impoñibles negativas. No caso do exercicio 2014 atopábase definitivamente liquidado aos efectos da aplicación de deducións. Así mesmo, os exercicios 2015 a 2018 tampouco poden considerarse definitivamente liquidados para os demais impostos que lle resultan aplicables a Sociedade no desenvolvemento da súa actividade.

Os Administradores da Sociedade consideran que practicáronse adecuadamente as liquidacións dos mencionados impostos, poro que, ainda no caso de que xurdiran discrepancias na interpretación normativa vixente polo tratamento fiscal outorgado ás operacións, os eventuais pasivos resultantes, en caso de materializarse, non afectarían de maneira significativa a estas contas anuais.

## **11. Ingresos e gastos**

### **Prestación de servizos-**

O detalle do importe neto da cifra de negocios das contas de perdidas e ganancias dos exercicios 2019 e 2018 adxuntas, diferenciado por segmentos e mercados xeográficos, móstranse a continuación:

	Euros	
	2019	2018
	España	España
Prestación de servizos asistenciais	14.716.011	15.248.038
Protección Radioloxica e Radiofísica	-	399.363
	<b>14.716.011</b>	<b>15.647.401</b>

No 2019 o importe transferido polo Servicio Galego de Saúde para a prestación do servizo de protección radioloxica rexistrouse no epígrafe de "Subvencións de explotación incorporadas ao resultado do exercicio" da conta de perdidas e ganancias, ao imputarse aos resultados de forma que exista unha correlación contable entre os ingresos derivados da subvención e os gastos subvencionados orixinados na prestación do servizo (Nota 13)

### **Aprovisionamentos-**

A composición deste epígrafe das contas de perdidas e ganancias dos exercicios 2019 e 2018 adxuntas móstrase a continuación:

	Euros	
	2019	2018
Compras de produtos sanitarios-		
Compras de produtos farmacéuticos	341.698	297.147
Compras de material sanitario de consumo	1.984.149	2.075.385
Compras doutros aprovisionamentos sanitarios	106.914	100.630
Servizos asistenciais prestados por empresas	756.172	774.970
Traballois realizados por outras empresas	734.474	771.649
Devolucións de compras e operacións similares	(2.566)	(39)
Rappels sobre compras	(8.653)	-
Variación de existencias de produtos sanitarios	80.702	15.294
Deterioro de mercadorías e outros aprovisionamentos (Nota 9)	(2.620)	2.936
	<b>3.990.270</b>	<b>4.037.972</b>

### **Detalle de compras segundo procedencia-**

O detalle das compras efectuadas pola Sociedade durante os exercicios 2019 e 2018, atendendo a súa procedencia é o seguinte:

#### **Exercicio 2019-**

	Euros		
	Nacionais	Intracomunitarias	Total
Compras	2.245.663	187.098	2.432.761

Exercicio 2018-

	Euros		
	Nacionais	Intracomunitarias	Total
Compras	2.268.962	204.200	2.473.162

#### Gastos de persoal-

A composición do saldo do epígrafe "Gastos de persoal" das contas de perdas e ganancias adxuntas correspondentes aos exercicios 2019 e 2018 móstrase a continuación:

	Euros	
	2019	2018
Soldos e salarios	7.319.826	7.273.757
Indemnizacóns	3.416	1.937
Seguros sociais	1.516.062	1.577.715
Outros gastos sociais	46.134	36.473
	<b>8.885.438</b>	<b>8.889.882</b>

#### Outros resultados-

O ingreso rexistrado no exercicio 2019 neste epígrafe da conta de perdas e ganancias por importe de 7.947 euros que correspondía fundamentalmente a diferentes bonificacións da seguridade social por mellora na seguridade dos traballadores.

O gasto rexistrado no exercicio 2018 neste epígrafe da conta de perdas e ganancias por importe de 4.037 euros corresponde fundamentalmente con diferentes recargos da seguridade social e da Axencia tributaria.

## **12. Provisións e continxencias**

O balance da Sociedade recolle todas as provisións con respecto as cales se estima que é probable que téñase que atender a obriga e que a data de formulación atopábanse en tramitación administrativa ou xudicial, fundamentalmente por reclamacións de indemnizacións ou importes asociados a conceptos salariais non percibidos.

O movemento habido durante os exercicio 2019 e 2018 nos epígrafes de balance "Provisións a longo prazo – Outras provisións" foi o seguinte:

Exercicio 2019-

	Euros
	Longo Prazo
Provisións ao inicio do exercicio	12.970
Liberación de provisións	(12.970)
Provisións ao final do exercicio	-

Exercicio 2018-

	Euros
	Longo Prazo
<b>Provisións ao inicio do exercicio</b>	<b>16.974</b>
Dotación de provisións	8.537
Aplicación de provisións	(12.541)
<b>Provisións ao final do exercicio</b>	<b>12.970</b>

As provisións rexistradas están valoradas polo valor actual da mellor estimación posible.

No exercicio 2018, como consecuencia da resolución da continxencia laboral asociada á reclamacións laborais de exercicios anteriores, a Sociedade aplicou o importe provisionado na cantidade de 12.541 euros. Adicionalmente, no exercicio 2018 a Sociedade rexistrou a longo prazo unha provisión pola continxencia derivada de reclamacións laborais por importe de 8.537 euros recollidos no epígrafe "Provisións a longo prazo – Outras provisións" do balance dese exercicio, rexistrouse no 2018 un gasto polo mesmo importe no epígrafe "Gastos de persoal – Soldos, salarios e asimilados da conta de perdas e ganancias adxunta.

No exercicio 2019 desestimáronse as reclamacións provisionadas procedendo a Sociedade a liberación do importe provisionado rexistrándose un ingreso no epígrafe "Exceso de provisións" da conta de perdas e ganancias adxuntas.

### **13. Subvencións, doazóns e legados recibidos-**

#### **Subvencións de capital-**

Nos exercicios rematados ao 31 de decembro de 2019 e ao 31 de decembro de 2018, a Sociedade non recibiu importe algúin en concepto de subvención de capital, nin imputou cantidade algunha á conta de perdas e ganancias procedente das subvencións de capital recibidas con anterioridade.

#### **Subvencións de explotación-**

No presente exercicio, a Sociedade recibiu subvencións do Servizo Galego de Saúde por importe de 2.434.002 euros (e 2.022.639 euros no exercicio 2018).

O destino das subvencións foi o seguinte:

	Euros	
	2019	2018
Funcionamento Centro de Producción de Radiofármacos PET Galicia	627.509	627.509
Protección radiológica do SERGAS (Nota 11)	399.363	-
Financiamento estrutura da división de consultaría	300.100	300.100
Servizo de atención de cita previa	807.096	807.096
Plans innovación Código 100	15.000	25.000
Estratexia de humanización do SERGAS	22.000	-
Subvención convenio cesión equipos (Nota 1)	262.934	262.934
	<b>2.434.002</b>	<b>2.022.639</b>

O Consello de Administración da Sociedade considera que se cumpriron e se prevén cumplir con todas as condicións establecidas nas resolucións individuais de cada concesión.

Ao 31 de decembro de 2018 atopábanse pendentes de cobro subvencións concedidas no exercicio 2018 por importe de 111.560 (25.000 euros en 2018) (Nota 10).

#### **14. Feitos posteriores o peche**

O COVID-19- máis popularmente coñecido como Coronavirus- converteuse a nivel mundial nunha emergencia sanitaria afectando os cidadáns, ás empresas e á economía en xeral, ata o punto de que a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarouno pandemia tanto pola súa rápida expansión como polos seus efectos. En aras de paliar os efectos económicos desta pandemia, o pasado 18 de marzo de 2020, o goberno publicou a Real Decreto-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para fazer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 e o 29 de marzo de 2020 publicou a Real Decreto-lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta aliea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19, os cales incorporan algunas disposicións que afectarán á actividade empresarial.

Aínda que é difícil, á data de formulación destas contas anuais, facer unhas previsións sobre a expansión desta pandemia e os seus efectos sobre a economía, entendemos que Galaria, atendendo á súa situación particular de empresa pública dedicada fundamentalmente a actividade asistencial, e polo tanto declarada esencial de acordo co establecido na Lei 8/2011, de 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestructuras críticas, non se verá afectada moi significativamente. Grazas as medidas que se están a levar a cabo, a Sociedade retomará a súa actividade empresarial habitual tan pronto finalice o estado de alarma, de maneira que a situación non repercutirá significativamente nas súas contas anuais de 2019 nin nas do exercicio 2020 dado que a actividade que desenvolve non se viu paralizada por esta situación ata a data de formulación destas contas anuais.

En relación aos principais riscos aos cales se enfrenta a entidade, destácanse os seguintes aspectos:

- Risco de liquidez: a sociedade conta coa capacidade de obter financiamento dos accionistas da entidade.
- Risco de operacións: a situación cambiante e imprevisible dos acontecementos podería chegar a implicar a aparición dun risco de redución temporal da producción/vendas. A entidade tomará as decisións pertinentes para mitigar o impacto.
- Risco de valoración dos activos e pasivos do balance: Os Administradores da Sociedade avaliaron que non se esperan impactos relevantes que poidan afectar negativamente o valor contable dos activos da entidade debido á súa natureza e a capacidade da Sociedade para a realización dos mesmos.
- Risco de continuidade (going concern): tendo en conta todos os factores antes mencionados, os Administradores da Sociedade consideran que a conclusión detallada na Nota 2.d e a aplicación do principio de empresa en funcionamento, segue sendo válida.

Por último, resaltar que os Administradores da Sociedade están a realizar unha supervisión constante da evolución da situación, co fin de afrontar con éxito os eventuais impactos, tanto financeiros como non financeiros, que poidan producirse.

Non se produciron feitos significativos posteriores ao peche que puidesen afectar á información contida nas contas anuais abreviadas adxuntas fóra dos descritos con anterioridade.

## **15. Operacións con partes vinculadas**

### **Saldos-**

A Sociedade, como empresa adscrita ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS), mantiu con Hospitais e organismos dependentes do mesmo ente os seguintes saldos do activo e pasivo do balance adxunto ao 31 de decembro de 2019 e 2018:

	Euros			
	2019		2018	
	Debedores	Acredores	Debedores	Acredores
Área sanitaria de Santiago de Compostela	40.563	-	48.786	-
Área sanitaria de Santiago de Ferrol	16.398	-	-	-
Área sanitaria A Coruña	6.698	-	23.072	-
Área sanitaria de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos	120.473	-	-	(44.552)
Área sanitaria de Ourense	1.318.096	(136.318)	447.706	(4.393)
Área sanitaria de Vigo	934.173	(457.830)	1.135.092	(211.079)
Área sanitaria de Pontevedra e O Salnés	583.663	-	570.116	-
Consellería da Presidencia, Administracións públicas e Xustiza	-	-	-	(2.717)
Servicio Galego de Saúde	-	-	-	-
Deterioro de valor de créditos por op. comerciais con vinculadas	(388.076)	-	(409.609)	-
	<b>2.631.988</b>	<b>(594.148)</b>	<b>1.815.163</b>	<b>(262.741)</b>

### **Transaccións-**

As principais transaccións realizadas durante os exercicios 2019 e 2018 coas empresas do Grupo e vinculadas foron as seguintes:

	Euros			
	2019		2018	
	Prestación de servizos	Servizos recibidos	Prestación de servizos	Servizos recibidos
Área sanitaria de Santiago de Compostela	253.314	82.318	210.488	82.318
Área sanitaria de Ferrol	40.521	-	302	-
Área sanitaria A Coruña	196.436	-	153.555	-
Área sanitaria de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos	716.090	-	546.478	-
Área sanitaria de Ourense	1.902.274	537.639	1.936.529	749.544
Área sanitaria de Vigo	10.271.238	1.385.125	10.588.430	1.318.142
Área sanitaria de Pontevedra e O Salnés	730.460	-	1.078.150	-
Axencia Pública Urxencias Sanitarias de Galicia (061)	-	560	-	-
Consellería da Presidencia, Administracións públicas e Xustiza	-	35.637	-	35.768
Servicio Galego de Saúde (Nota 11)	-	-	399.363	-
	<b>14.110.333</b>	<b>2.041.279</b>	<b>14.913.294</b>	<b>2.185.772</b>

### **Outra información sobre partes vinculadas-**

Durante os exercicios 2019 e 2018 os membros do Consello de Administración non percibiron importe algúin en concepto de retribucións e dietas. A retribución da alta dirección da Sociedade durante o exercicio 2019 ascendeu a 127.201 euros (115.779 euros no exercicio 2018).

Así mesmo, a Sociedade non concedeu anticipos ou créditos nin contraído compromisos en materia de plans de pensións, seguros de vida ou outros similares cos Administradores nin coa alta dirección da Sociedade.

O Consello de Administración está formado por sete persoas, das que duas son mulleres.

Os membros do órgano de administración non informaron da existencia dalgunha situación de conflito, directo ou indirecto, que puiden ter coa Sociedade, tal e como establece o artigo 229.3 da Lei de Sociedades de Capital.

## **16. Outra información**

### **Detalle de persoal-**

Durante os exercicios 2019 e 2018, o número medio de persoas empregadas, distribuído por categorías e xénero foi o seguinte:

	2019			2018		
	Número de Empregados	Homes	Mulleres	Número de Empregados	Homes	Mulleres
Alta dirección	2,00	1,00	1,00	2,00	1,00	1,00
Equipo directivo	3,00	2,00	1,00	3,00	2,00	1,00
Facultativo especialista	34,94	17,22	17,72	35,55	17,73	17,82
Facultativo non especialista	0,76	0,76	-	1,00	1,00	-
Titulado grao superior non sanitario	10,37	4,00	6,37	10,47	4,00	6,47
Titulado grao medio sanitario	25,17	3,52	21,65	26,49	3,63	22,85
Titulado grao medio non sanitario	4,62	2,00	2,62	4,65	2,00	2,65
Técnico FP superior sanitario	58,68	14,40	44,28	57,69	14,56	43,14
Técnico FP superior non sanitario	10,80	3,58	7,22	10,32	3,80	6,52
Técnico FP básico sanitario	6,40	0,16	6,24	6,81	0,04	6,77
Técnico FP básico non sanitario	23,88	5,92	17,96	26,59	6,85	19,73
Outro persoal sen titulación	7,63	2,98	4,65	7,46	4,03	3,42
	<b>188,25</b>	<b>57,54</b>	<b>130,71</b>	<b>192,03</b>	<b>60,64</b>	<b>131,37</b>

Incluído no cadro anterior, o número medio de persoas empregadas no curso do exercicio con discapacidade maior o igual do 33% por categorías é o seguinte:

	Número de Empregados	
	2019	2018
Facultativo especialista	1,00	-
Titulado grao superior sanitario	-	0,59
Titulado grao medio sanitario	0,48	-
Titulado grao medio non sanitario	1,00	1,00
Técnico FP superior sanitario	1,66	1,08
Técnico FP básico sanitario	-	1,13
Técnico FP básico non sanitario	1,00	0,22
Outro persoal	0,50	-
	<b>5,64</b>	<b>4,02</b>

Ao 31 de decembro de 2019, o cadro de persoal ascendía a 197 persoas (211 en 2018). O detalle do cadro de persoal e membros do Consello de Administración da Sociedade ao 31 de decembro de 2019 e 2018 é o seguinte:

	31.12.2019			31.12.2018		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Consello de Administración	7	5	2	7	5	2
Alta dirección	2	1	1	2	1	1
Equipo directivo	3	2	1	3	2	1
Facultativo especialista	36	17	19	36	19	17
Facultativo non especialista	-	-	-	1	1	0
Titulado grao superior non sanitario	10	4	6	11	4	7
Titulado grao medio sanitario	23	4	19	30	4	26
Titulado grao medio non sanitario	5	2	3	5	2	3
Técnico FP superior sanitario	62	16	46	61	15	46
Técnico FP superior non sanitario	13	4	9	11	4	7
Técnico FP básico sanitario	8	1	7	7	0	7
Técnico FP básico non sanitario	23	5	18	27	6	21
Outro persoal sen titulación	5	2	3	10	3	7
	<b>197</b>	<b>63</b>	<b>134</b>	<b>211</b>	<b>66</b>	<b>145</b>

#### Gasto de auditoría-

Dentro do epígrafe "Outros gastos de explotación - Servizos exteriores" da conta de perdas e ganancias adxunta inclúense honorarios relativos a servizos de auditoría de contas da Sociedade por importe de 7.731 euros (IVA incluído) (mesmo importe no 2018).

#### 17. Información sobre dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro

A Sociedade non dispón de ningunha partida que conforme ao establecido na Resolución do 8 de febreiro de 2006 do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, deberá de rexistrarse dentro do epígrafe do balance correspondente a Inmobilizacións Intanxibles baixo a denominación "Dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro".

#### 18 Información sobre o período medio de pago a provedores.

Disposición Adicional Terceira. "Deber de información" da Lei 15/2010, de 5 de Xullo-

A continuación presentase a información sobre os importes pagados durante o exercicio 2019 a provedores comerciais e de servizos (incluídas, no seu caso, as empresas vinculadas da Sociedade), e os pagos aprazados a provedores comerciais e de servizos pendentes de desembolso ao 31 de decembro de 2019. Dita información calcúlase segundo o establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e segundo o recollido na Resolución de 29 de xaneiro de 2016 do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, sobre a información a incorporar na memoria das contas anuais en relación co período medio de pago a provedores en operacións comerciais:

	Días	
	2019	2018
Período medio de pago a provedores (en días)	38	40
Ratio de operacións pagadas	40	42
Ratio de operacións pendentes de pago	32	29
	Importe (Euros)	Importe (Euros)
Total pagos realizados	4.380.065	4.298.799
Total pagos pendientes	1.059.922	627.605

O prazo máximo de pago aplicable á Sociedade segundo a Lei 3/2004, de 29 de decembre, pola que establecense medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e conforme ás disposicións transitorias establecidas na Lei 15/2010, de 5 de xullo, e as modificacións introducidas polo Real Decreto Lei 4/2013, de 22 de febreiro, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, posteriormente validado pola Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, é de 60 días para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018, tendo en conta o disposto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, a cal foi desenvolvida pola Resolución de 29 de decembro de 2010 do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, e tendo en conta o establecido na Disposición Transitoria Segunda da citada Resolución e segundo os pronunciamentos da Junta Consultiva de Contratación Administrativa (dependente do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas) no seu informe 58/11, de 23 de maio, así como do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales na súa Resolución 64/2011, de 9 de marzo, consonte os cales os contratos que subscrivan os poderes adxudicatarios que non sexan Administracións Públicas de acordo co establecido no artigo 3.2 do Real Decreto Lei 3/2011, de 16 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, terán a consideración de xurídico – privados.

## **GALARIA, empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.U.**

### **Informe de Xestión correspondente ao exercicio anual terminado o 31 de decembro de 2019**

#### **Evolución do negocio e situación da Sociedade-**

Durante o exercicio 2019 Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios:

- Levou a cabo a adaptación dos seus estatutos sociais á reforma da Lei de Sociedades de Capital e á reforma da Lei de Contratos do Sector Público, publicándose no Diario Oficial de Galicia a través da resolución do 22 de outubro de 2019, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda.
- Continuou realizando actividade asistencial nos eidos da oncoloxía radioterápica, diagnóstico por imaxe e medicina nuclear nos mesmos emprazamentos que en 2018, agás a unidade económica de resonancia fixa integrada a partires do 1 de xullo na Área sanitaria de Vigo. A actividade clínica prestada pola Sociedade dálle cobertura asistencial, nalgunha destas especialidades, a máis de 1.250.000 persoas residentes no sur de Galicia.
- A través da súa división de Consultoría, seguiu prestándolle asesoramento ao Servizo Galego de Saúde en materia de avaliación, planificación, adquisición, organización e xestión de recursos asistenciais, ademais de colaborar coa Dirección de Recursos Económicos na xestión integrada dos proxectos e obras que promove a administración sanitaria de Galicia.
- Tamén, a través do departamento de consultoría, mantívose colaboración coa Axencia de Coñecemento e Innovación Sanitaria (ACIS) para o deseño e implantación da Liña de Terapias do proxecto de innovación CÓDIGO 100. Así mesmo, participou en diferentes grupos de traballo integrados no proxecto de compra centralizada da Dirección de Recursos Económicos do Servizo galego de Saúde. Ademais participou na elaboración e deseño da Estratexia de Humanización destinado a potenciar a proximidade do sistema sanitario ao paciente.
- Mediante o servizo de Radiofísica e a Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR), levou a cabo o control de calidade e a medición de niveis de radiación de parte importante das instalacións de radiodiagnóstico da rede hospitalaria pública de Galicia.
- Continuou coa producción regular e subministro de Fludesoxiglucosa marcada con flúor 18 (FDG) e de F18 Colina, na súa Unidade de radiofármacos PET Galicia (Ciclotrón), para os hospitais do Servizo Galego de Saúde e do Centro Oncolóxico de A Coruña que contan con equipos de diagnóstico PET.
- Continuou coa xestión da plataforma multiservizo Saúde en Liña, na que se centraliza a cita previa telefónica dos centros de atención primaria de Galicia e a solicitude de reprogramación / anulación de citas no ámbito da atención primaria e especializada.
- Continuou mantendo baixo o seu control a Oficina Técnica de Seguimento da execución do contrato do servizo loxístico integral do Servizo Galego de Saúde.
- Colaborou coa Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e o Instituto Galego de Oftalmoloxía no proceso de xestión nos departamentos de recursos humanos, calidade e contratación-administrativa.

No exercicio 2019, a Sociedade mantivo a acreditación conforme a norma internacional ISO 9001:2008.

- **Actividade Asistencial-**

- **Diagnóstico por imaxe**

Como indícase na Nota 1 da memoria das presentes contas anuais, con data 28 de xuño de 2019 publicouse no DOGA o Decreto 70/2019 do 27 de xuño, polo que se integraba no Servicio Galego de Saúde unidade económica de Diagnóstico por imaxe na parte correspondente a resonancia fixa para que continúe a prestar os seus servizos na Área de Xestión Sanitaria de Vigo. Este decreto entrou en vigor o día 1 de xullo de 2019. Polo tanto, a actividade a desempeñar difire significativamente nos dous semestres do ano 2019.

Este Decreto pon fin a 23 anos de xestión da demanda e realización de estudos de Resonancia Magnética (RM) no Área sanitaria de Vigo por parte da Unidade de Diagnóstico por Imaxe da Sociedade. Unha atención centrada no paciente, coa máxima calidade e coa menor lista de espera dos hospitais terciarios da Comunidade, ademais Vigo é a único Área sanitaria de Galicia que non derivaba ningún estudio de RM á sanidade privada, e sendo referencia para outros centros, de múltiples estudios de RM (espectroscopía con RM, estudios con anestesia, RM fetal, etc.) e todo abalado coa certificación ISO 9001/2015.

- **Resonancias magnéticas fixas**

Ata o 1 de xullo de 2019, mantívose a integración funcional co Servizo de Radioloxía da Área sanitaria de Vigo que comezara no ano 2018 e que basicamente modificaba a organización das axendas de citación, que pasaron dunha distribución regulada pola demanda, a unha distribución por órgano e sistemas. Esta distribución das axendas derivou nun incremento das cifras de lista de espera, o que motivou a solicitude da Área sanitaria de Vigo de recorrer aos servizos dunha das resonancia móbiles da Sociedade, a cal realizou 1.000 estudos de primeiras probas entre os meses de maio e xuño.

No momento da integración (1 de xullo), nos equipos de resonancia fixa da Área Sanitaria de Vigo había 4.945 pacientes pendentes dunha resonancia magnética (primeiras e sucesivas) cunha espera media de 75 días, que no caso das primeiras probas ascendía a 58 días.

Así, baixo as directrices da nova organización da Unidade resultante da integración funcional co Servizo de Radioloxía da Área sanitaria de Vigo, atendéreron nos seis primeiros meses do ano 10.862 pacientes nos equipos fixos de resonancia magnética (447 pacientes menos que no 2018), realizándose 12.689 estudios de RM, (539 menos que no 2018), con un descenso do rendemento do 4% respecto ao 2018.

Durante os primeiros seis meses do ano 2019, os radiólogos da Unidade de diagnóstico por imaxe continuaron coa súa participación activa nos diversos comités clínicos da Área Sanitaria de Vigo, cada un deles nos comités correspondentes a súa área anatómica.

- **Resonancias magnéticas móbiles**

A adquisición no mes de xuño de 2018 dun terceiro equipo de resonancia móvil de alto campo incrementou a capacidade de resolución da Unidade de Diagnóstico por Imaxe, o que permitiu seguir prestando unha atención de calidade, achegando a alta tecnoloxía aos cidadáns e evitando desprazamentos innecesarios aos pacientes dos sete hospitais comarcas de Galicia. Esta nova unidade estivo operativa durante todo o ano 2019.

Ademais da actividade realizada nos sete hospitais comarcas de Galicia, as resonancias móbiles da Sociedade colaboraron na atención aos pacientes, mellorando o tempo de reposta dende o sistema público nos hospitais de Ferrol e Lugo por primeira vez como mostra da flexibilidade e capacidade das unidades móbiles en adaptarse ás necesidades que van xurdindo nos diferentes hospitais do Servizo Galego de Saúde.

As tres unidades móbiles de resonancia magnética atenderon 18.064 pacientes, aos que se lle fixeron 21.105 resonancias, cun incremento da actividade do 28% respecto ao ano 2018 (16.467 estudios, con so dous equipos de RM durante a primeira metade do ano 2018). Especificamente, rexistrouse un maior incremento da demanda nos estudios de RM de próstata multiparamétrica que incorporan imaxes anatómicas e funcionais para descartar a presenza de cáncer de próstata como alternativa á biopsia transrectal.

No 2019 a Unidade de diagnóstico por imaxe atendeu tamén a solicitude da Área sanitaria de Ourense para que radiólogos da Sociedade en Vigo informasen estudios de RM feitos en un dos equipos de RM do hospital de Ourense durante os meses de novembro e decembro. Este feito demostra que a ampla experiencia adquirida en

telerradioloxía (12 años desde a posta en marcha da primeira RM móbil en 2007) por parte da Unidade pode ser empregada na Comunidade de Galicia para achegar a calquera punto do territorio os coñecementos en RM ou de calquera outra técnica de alta complexidade, de todos os profesionais da sanidade, cunha calidade contrastada, o cal mellora a precisión diagnóstica e permite a incorporación das novas tecnoloxías, como a Intelixencia artificial, que axuden a acadar a maior eficacia e eficiencia do sistema.

- Medicina Nuclear Vigo

A Unidade de Medicina Nuclear (MN) de Vigo incrementou o numero de pacientes tratados ao pasar de 3.688 en 2018 a 3.823 en 2019 (o que supuxo un aumento do 1,4%). Sen embargo diminuí o numero de procedementos, pasando de 6.397 no ano 2018 a 6.256 procedementos no 2019 (o cal representa un descenso do 2,1%).

No que se refire á actividade en procedementos terapéuticos que requieren hospitalización en Terapia Metabólica, realizáronse durante o ano 2019 un total de 116 ingresos, similar ao ano 2018 con 120. Durante 2019 deriváronse a Área sanitaria de Santiago 7 procedementos con ingreso.

En relación coas entradas e saídas de técnicas durante o ano 2019, producíronse 8.115 entradas por 8.624 saídas (8.559 entradas y 8.574 saídas en 2018), cumpríndose así co obxectivo do exercicio dun maior número de saídas de pacientes fronte a entrada dos mesmo á espera dunha proba de medicina nuclear. Desta maneira, a lista de espera de MN para procedementos diagnósticos mantívose nos baixos niveis do ano pasado, cunha espera media por debaixo de 28 días (similar a 2018), con un total de 241 pacientes en espera (249 en 2018).

Durante 2019 iniciáronse as obras de acondicionamento e ampliación do servizo de Medicina Nuclear e Terapia Metabólica entregándose parte dos trabalos realizados que continuarán no exercicio 2020 e que permitirán dotar de novas instalacións más modernas e cómodas para os pacientes e dunha habitación adicional no caso de terapia metabólica.

Polo que se refire as exploracións con PET-CT, en 2019 realizáronse 4.398 técnicas fronte as 4.215 que se levaron a cabo en 2018 (o que representa un incremento do 4,1%). Compre salientar que este aumento produciuse a pesar da derivación da referencia da Área sanitaria de Pontevedra e O Salnés á Área sanitaria de Santiago, en aras de tratar de acadar un maior equilibrio entre as tres áreas asistenciais do PET en Galicia.

Respecto ao número de pacientes en PET/CT realizáronse en 2019 un total de 3.717 pacientes , que representa un incremento dun 4,6 % respecto ao total de 3.543 pacientes realizados no 2018.

En relación coas entradas e saídas, en 2019 producíronse un total de 3.976 entradas en PET (3.736 en 2018) por 3.925 saídas (3.776 en 2018) o que supuxo máis saídas que entradas, cumpríndose igualmente co obxectivo do exercicio dun maior número de saídas de pacientes fronte a entrada dos mesmo á espera dunha proba PET.

A espera media a final do ano 2019 é de 11 días para FDG (16 días en 2018), e de 33 días para F-Colina (igual no 2018).

Actualmente estase a cubrir a demanda cunha programación de luns a venres en quenda de mañá e tarde cunha ocupación praticamente do 100%.

No que respecta á realización de novas probas, durante 2019 púxose en marcha a realización das prestacións conxuntas PRT/CT con contraste radiológico en patoloxía tumoral pulmonar, coa intención de aglutinar dúas exploracións – TAC e PET nun mesmo estudo, evitando de este xeito unha segunda cita ao paciente, coa coordinación entre os hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro e a participación conxunta dos servizos de Neumoloxía, Radioloxía de tórax e Medicina Nuclear. Dita prestación conxunta ten continuidade no ano 2020.

- Medicina Nuclear Ourense

A actividade desenvolvida pola Unidade de Medicina Nuclear de Ourense, pasou de 3.770 pacientes en 2018 a 3.572 en 2019 (o que representa un descenso do 5,2%), e en técnicas programadas diagnósticas de 6.588 en 2018 a 5.782 en 2019 (un 12% menos).

Esta circunstancia foi debida a que durante o ano 2019 tivo que suspenderse a actividade extraordinaria en



xornada de tarde en Cardioloxía nuclear, pola falta destes especialistas o que provocou un redución importante na capacidade de atender a demanda de probas de cardioloxía. Para compensar en parte esta situación, incrementáronse de 6 a 8 o numero de pacientes tratados á semana e deriváronse a Área sanitaria de Vigo pacientes que voluntariamente aceptaron ser explorados no Servizo de Medicina Nuclear de Vigo. Durante o ano 2019 deriváronse un total de 48 pacientes de Cardioloxía Nuclear de Ourense a Vigo.

A situación descrita no parágrafo anterior provocou que a lista de espera a final de ano 2019 fose de 80 días de espera media (51 días no 2018) e 271 días de espera máxima (333 días en 2018), cun total de 333 pacientes en espera no 2019 ( 270 pacientes en 2018).

En canto ás entradas e saídas, producíronse 4.010 entradas e 4.264 saídas (4.320 e 4.543 respectivamente no 2018), o que supón 254 mais saídas que entradas cumpríndose novamente o obxectivo marcado dun maior número de saídas que de entradas de pacientes en espera dun procedemento.

- Oncoloxía Radioterápica

O exercicio 2019 foi un dos períodos no que máis pacientes se trajeron en toda a historia da Unidade de Oncoloxía Radioterápica. Concretamente, finalizáronse un total de 2.407 tratamentos fronte aos 2.295 que se levaron a cabo en 2018. Do total de tratamentos finalizados 2.224 correspondieron a teleterapia, 118 a radiocirurxía e 183 a braquiterapia, datos que no seu conxunto representan un aumento dun 7,60% respecto do exercicio anterior.

No ano 2019 incrementáronse as técnicas de intensidade modulada de doses (IMRT) respecto aos niveis do ano anterior, pasando de tratar con este sistema 592 pacientes no ano 2018 a 664 no ano 2019. Este dato representa una progresiva mellora na calidade asistencial que proporciona este servizo, porque a súa aplicación supón unha notable diminución das complicacións tras o tratamento, ao permitir o emprego de maiores doses dirixidas ao tumor con grande precisión, preservando os órganos sans que o circundan.

Ademais, a taxa de incremento de IMRT no ano 2019 respecto ao 2018 foi do 12%, e a de tratamentos con VMAT foi dun 34% entre os procedementos de IMRTs. Por outra banda, incrementouse de maneira moi significativa a utilización de hipofracionamento acadando o 100% en cancro de próstata así como o 60% dos cancros de mama.

Neste exercicio produciuse un forte incremento na cifra de tratamentos con radiocirurxía, pola parada producida no ano 2018, asociada ao proceso de instalación do sistema de radicirurxía de Brainlab.

O efecto da actividade sinalada nos parágrafos anteriores derivou no 2019 nun número de entradas (2.718) lixeiramente superior ao número de saídas (2.627). O tempo de espera ao peche do exercicio 2019 para radioterapia convencional é de 37 días, e 52 días para IMRT.

- Servizo de Radiofísica

Na área de Radioterapia continuouse, ademais, co labor de control de calidade en aceleradores e braquiterapia. Na área de dosimetría clínica seguiu atendéndose a demanda asistencial, cun importante incremento na complexidade dos tratamentos au dispor de dúas máquinas capaces de realizar intensidade modulada volumétrica (VMAT) e dun sistema de radiocirurxía guiada por imaxe (Brainlab).

As tarefas habituais na Unidade de Medicina nuclear incrementáronse coa consolidación dos tratamentos con esferas de Itrio para hepatocarcinomas. Tamén púxose en marcha o equipo de dispensación automática de radiofármacos no PET.

O servizo de Radiofísica, conxuntamente coa Unidade Técnica de Protección Radiológica (UTPR), continuou realizando as tarefas habituais de protección radiológica na Unidade de MN do Hospital do Meixoeiro e nas instalacións de radiodiagnóstico situadas en hospitais, ambulatorios, centros de especialidades e unidades de atención primaria dependentes do Sergas na Área sanitaria de Vigo.

- Unidade de Protección Radiológica

Dende a súa creación, abril de 1995, a Unidade técnica de Protección Radiológica de Galaria (UTPR) dedícase a protección radiológica no ámbito das instalacións de radiodiagnose Médica, conforme a sua autorización obtida

polo Consello de Seguridade Nuclear (CSN),

Na actualidade a UTPR ocúpase dos controis de calidade e medicións de doses de todos os centros do Sergas excepto dos que son controlados polo propio servizo de protección radioloxica das Áreas sanitarias de Santiago e Ourense. En outras Áreas sanitarias, como as de Lugo, Ourense e Vigo, colaborouse cos Servizos de Protección radioloxica para o cumprimento dos requisitos legais no ámbito da protección radioloxica referente aos aparellos de Raios X.

A UTPR realizou controis de calidade do equipamento radioloxico incluíndo monitores de visualización da imaxe diagnóstica médica, así como todo tipo de soportes de imaxe dixital empregados en radiacións ionizantes producidos por todos os tipos de modalidade de imaxe radioloxica existentes conforme ao establecido polo Protocolo Español de Control de Calidade en Radiodiagnose (versión 2011), e medicións na totalidade dos hospitais e Centros de saúde pertencentes as Áreas sanitarias de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Ferrol e Lugo. Así mesmo, realizou controis no Hospital comarcal de Valdeorras e no Hospital de Verín da Área sanitaria de Ourense.

No ano 2019, como tamén sucedeu en anos anteriores, hai que salientar a incorporación de novos equipos, derivada das compras que realizou o Sergas por medio do Socio Tecnológico; renovación que tamén tivo incidencia na actividade da UTPR. O papel desta Unidade foi moi importante, tanto no deseño da instalación, como no asesoramento, aceptación e supervisión da calidade dos novos equipos instalados.

Os datos de actividade do exercicio 2019 indican que a UTPR levou a cabo un total de 969 controis de calidade e medicións de niveis de radiación. Tamén se leváronse a cabo medicións de doses a pacientes. Dos controis indicados, 537 correspondieron a controis de calidade; 239 foron informes de doses a pacientes e 193 informes sobre medida dos niveis de radiación en equipos fixos de raios X.

- **División de consultoría-**

Durante o ano 2019 a división de Consultoría proseguiu co seu labor de asesoramento continuado en planificación e adquisición de equipamento ao Sergas e a Consellería de Sanidade. A actividade realizada para a Dirección Xeral de Recursos Económicos, céntrase no apoio aos seus proxectos en marcha, que durante a anualidade seguiron a estar centrados no Plan Renove do Hospital Alvaro Cunqueiro e as dotacións correspondentes ao plan director do Hospital de Burela, proxectos onde a miúdo se inclúen dotacións para outros hospitais que podan ter necesidades similares. A división de Consultoría prestou apoio tamén tanto no desenvolvemento de parte dos pregos coma de algúns informes técnicos de adjudicación do Plan de choque para a atención primaria. Para a Dirección Xeral de Saúde Pública elaboráronse pregos e informes técnicos relacionados coa renovación de dous equipos de cromatografía asociada a espectrometría de masas. Ademais, realizáronse os estudos de dotación correspondente aos plans directores dos Servizos de Medicina Nuclear e Radioterapia de Galaría. Tamén se proporcionou asesoramento para o concurso dun acelerador intraoperatorio como anexo a compra centralizada do Socio tecnológico con financiamento da Fundación Amancio Ortega Ga

Así mesmo, mantívose colaboración coa Axencia de Coñecemento e Innovación Sanitaria (ACIS), continuando coas labores de apoio no proxecto de compra pública precomercial EMPATTICS e na liña de Terapias do proxecto de innovación CODIGO 100; proxecto no que se están a desenvolver dous dos primeiros proxectos de Asociación para a Innovación do sector saúde publicados en España.

No eido da xestión do sistema de calidade da empresa, actualmente assumida tamén pola división de consultoría, continuouse coa evolución dos sistemas adaptados a ISO 9001:2015 tanto da Sociedade como da Unidade Centralizada de Radiofarmacia de Galicia, S.A. Deuse apoio tanto a citada sociedade coma a Unidade de Radiofármacos PET de Galaría nas auditorías específicas realizadas polas autoridades sanitarias competentes (Subdirección Xeral de Inspección e Acreditación e AEMPS, respectivamente) relacionadas co cumprimento dos estándares de fabricación aplicables a cada unha delas. Continuouse, así mesmo, co apoio para a acreditación mediante ISO 15189 da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

- **Unidade de radiofármacos PET de Galicia-**

A tecnoloxía PET, por medio da cal é posible coñecer o funcionamento e metabolismo dos tecidos e órganos, adquiriu unha enorme relevancia na maioría dos países desenvolvidos, e cada día incremántase a demanda dese tipo de exploracións por parte dos especialistas, á vista das súas cada vez maiores aplicacións e da súa eficacia diagnóstica nos eidos da oncoloxía, a cardioloxía e as patoloxías neurolóxicas. Esta técnica de

diagnóstico baséase na utilización dunha serie de moléculas que son incorporadas ao organismo do paciente para poder observar mediante a tomocámara PET a súa distribución nos tecidos.

O ciclotrón, que é o equipo principal da Unidade de Radiofármacos PET Galicia, é, basicamente, un acelerador de partículas, produtor dos isótopos radioactivos cos que se marcan as moléculas que lle van ser inxectadas ao paciente.

Dende novembro de 2008, a Unidade, dependente de Galaría, leva producindo regularmente e subministrando Fluorodesoxiglucosa marcada con flúor-18 (FDG) aos hospitais do Servizo Galego de Saúde que contan con equipos de exploración PET (Vigo e Santiago) e ao Centro Oncolóxico da Coruña. A solicitude desta molécula foise incrementando cada ano: a producción total de FDG foi 9.061 doses en 2019 fronte a 7.679 doses en 2018.

En 2014 a Unidade recibiu da Consellería de Sanidade autorización para producir calquera radiofármaco PET que cumpra as normas esixidas pola AEMPS. De feito, a partires deste momento, a unidade comezou a traballar na posta en marcha dos procedementos e protocolos de seguridade e calidade esixibles para a producción de Fluorocolina marcada con flúor-18 (FCOL), e dende os primeiros meses de 2015 se subministra aos equipos PET que o soliciten para o diagnóstico de carcinoma prostático. A producción de FCOL foi de 493 en 2019 fronte 438 doses en 2018.

No 2018 actualizouse o Ciclotrón, e no 2019 procedeuse a instalación de dous novos brancos de niobio que permitirá aumentar a capacidade de producción. Ademais instalouse unha nova cela de dispensación, comezando cun proxecto de renovación de equipos necesarios para satisfacer a demanda crecente de doses e radiofármacos dos últimos anos.

No 2019 a Agencia Española de Medicamentos y Productos Sanitarios (AEMPS) realizou unha inspección para certificar a unidade como cumplidora das Normas de Correcta Fabricación (NCFs) sen ningunha non conformidade.

- **Plataforma multiservizo Saúde en Liña-**

A Sociedade continuou coa xestión da plataforma multiservizo Saúde en Liña manténdose neste período a atención de chamadas para a solicitude de reprogramación / anulación de citas no ámbito da atención primaria e especializada. O número de chamadas atendidas durante o 2019 foi de 895.711 (fronte ás 846.263 que se rexistraron en 2018), das que 675.522 foron para concretar cita de atención primaria e especializada (654.605 no 2018).

- **Oficina Técnica de Seguimento (OTS)-**

A Sociedade continuou co control da Oficina técnica de seguimento da execución do contrato do servizo loxístico integral do Servizo Galego de Saúde avanzando no deseño de melloras na xestión e funcionamento da Central loxística.

- **Unidade Central de Radiofarmacia-**

Desde a participación que a Sociedade conta na Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia S.L. (Ordes) (Nota 8) continuouse coa xestión e preparación dos radiofármacos convencionais que se administran nas unidades asistenciais de medicamento nuclear de Galicia.

#### **Accións más significativas no 2019-**

En termos globais as consecucións más significativas do exercicio cabe salientar as seguintes:

- A realización dunha actividade significativamente superior á orzamentada, grazas aos ingresos adicionais percibidos pola actividade, tanto privada como pública, realizada a maiores do orzamento.
- O incremento xeneralizado da actividade con respecto ao 2018 a excepción de medicina nuclear de Vigo e Ourense polos motivos sinalados no informe.

- A renovación da certificación ISO 9001.
- Inicio das obras de ampliación e mellora das instalacións e espazos das unidades de Medicina nuclear e Oncoloxía radioterápica que permitirá unha modernización das unidades, maior amplitud e humanización de espazos de traballo e para pacientes e maiores facilidades de acceso e reparto funcional das instalacións.
- Incremento significativo dos tratamentos de IMRT e VMAT na Unidade de Oncoloxía radioterápica permitindo unha maior precisión e calidade asistencial dos pacientes.
- A prestación por parte da Unidade de Diagnóstico por imaxe do servizo de telerradioloxía que permitiu informar a distancia resonancias magnéticas realizadas polas unidades móbiles de resonancia nos hospitais comarcais da rede Sergas así como nos centros hospitalarios de Ourense, Ferrol e Lugo.
- Integración da Unidade de resonancia magnética fixa na Área sanitaria de Vigo.
- Seguiuse apoiando ao Instituto Galego de Oftalmoloxía e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica nas necesidades de xestión de carácter laboral, administrativo, calidade e contratación pública que identificáronse durante o 2019.
- Investimentos no Ciclotrón de General Electric, que permitiron eliminar os problemas de anos anteriores para poder atender debidamente a demanda de FDG e Colina dos hospitais de Santiago e o Centro Oncolóxico da Coruña cun manifesto aumento da producción para atender a demanda dos equipos PET de Galicia.

#### **Actividades en materia de investigación e desenvolvemento-**

Polo que respecta á actividade científica, a Unidade de Oncoloxía Radioterápica conxuntamente coa Unidade de Radiofísica, e coa organización EORTC ([www.eortc.org](http://www.eortc.org)) continuou co desenvolvemento dun proxecto multicentro, que conta coa axuda do Instituto Carlos III, para un proxecto de investigación (trienio 2018-2021) baseado no uso de imaxes para a observación e cuantificación de tumores sometidos a radioterapia, co obxectivo de establecer unha influencia e pauta de resposta á radioterapia. Este proxecto conta coa colaboración do Memorial Sloan-Kettering Cancer Center de Nova York e está aprobado polo comité de ética, permitindo incluír pacientes no ensaio clínico fase III EORTC-1414- o que brindará aos pacientes de próstata a oportunidade de beneficiarse do uso de fármacos innovadores e con menores efectos secundarios.

Os servizo de Radiofísica e a unidade de Oncoloxía Radioterápica continuou co proxecto HeNeBra financiado polo Instituto de Salud Carlos III en tres anos e desenvolvéronse os protocolos de inclusión de pacientes, os protocolos de imaxe en colaboración con Philips. Froito deste proxecto envíouse unha comunicación ao Congreso Europeo de Radioterapia (ESTRO).

Mantense un proxecto en colaboración co servizo de radiodiagnóstico e co servizo de uroloxia do CHUVI chamado TATANKA: Intelixencia artificial aplicada ao estudo radiómico de quistes renais.

Outro proxecto investigador neste ano tamén co servizo de Oncoloxía Radioterápica foron o proxecto EORTC QoL Rectal cancer e tamén o proxecto: EORTC QoL H&N

Solicitouse xunto con Oncoloxía radioterápia o proxecto que comenza en 2020: Alzheimer: Irradiación Cerebral a Bajas Dosis en el Tratamiento de la Enfermedad de Alzheimer.

Continuouse colaborando co proxecto HERO Health Economics in Radiation Oncology, que busca determinar o impacto económico dos tratamentos radioterápicos a nivel europeo. Este proxecto europeo é da sociedade europea de radioterapia e a participación do servizo de radiofísica e a través da SEFM

Tamén a través da SEFM o servizo de radiofísica participa no proxecto da ESTRO: CCORE: CORE CURRICULUM FOR MEDICAL PHYSICISTS IN RADIOTHERAPY

En Análise de Riscos a Unidade de Radiofísica desenvolve en cooperación coa unidade de Oncoloxía Radioterápica unha análise máis detallada dos riscos no proceso de radioterapia seguindo a metodoloxía MARR (Matrices de Análises de Riscos en Radioterapia) desenvolvida conjuntamente polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, o CSN e as sociedades científicas de Física Médica (SEFM), Protección Radiológica (SEPR), Oncoloxía Radioterápica (SEOR) e Técnicos de Radioterapia (AETR). Neste ano completouse o análise dos catro aceleradores con esta metodoloxía

Polo que respecta á unidade de Diagnóstico por Imaxe, continuou durante o primeiro semestre do ano, ao igual que en anos anteriores, impartindo docencia en Resonancia magnética aos MIR do Servizo de Radiología e de outros servizos da Área sanitaria de Vigo, así como do Servizo de Radiología de Ourense; colaborando coa formación de alumnos da Facultade de Medicina de Santiago de Compostela e do Ciclo Formativo Grado superior de imaxe para o Diagnóstico do IES Ricardo Mella de Vigo.

Ademais, durante o ano 2019 a Unidade de Diagnóstico por imaxe tamén presentou tres comunicáns no 21 Congreso Nacional de Hospitais e Xestión Sanitaria.

#### **Acontecementos importantes para Sociedade ocorridos despois do peche do exercicio-**

A situación de pandemia internacional ocasionada polo COVID-19, que tivo unha extraordinaria repercusión no funcionamento de todos os sistemas de saúde, tamén afectou de maneira importante a marcha das diferentes actividades que desenvolve Galaria, ainda que as unidades asistenciais desta organización garantiron a continuidade da atención aos pacientes oncológicos e urgentes durante todo o período de crise sanitaria xerada polo Coronavirus.

Con data sábado 14 de marzo de 2020, o Goberno de España, a través do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, publicou no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 463/2020, polo que se declaraba o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Coas medidas previstas na referida norma, o Goberno pretendía protexer de maneira decidida a saúde e seguridade dos cidadáns, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública, intensificando sen demora as accións de carácter extraordinario que xa se viñan adoptando por todos os niveis para previr e conter o virus e mitigar o impacto sanitario, social e económico da pandemia.

O Real Decreto 463/2020, no seu artigo 18, facía referencia ao mantemento da actividade dos operadores críticos de servizos esenciais previstos na Lei 8/2011, do 28 de abril, entre os que se inclúe Galaria, e ao establecemento de medidas para protexer as súas infraestruturas e asegurar a prestación dos servizos esenciais que lles son propios.

En consonancia con esa norma, a Sociedade, seguiu prestando os seus servizos con todas as garantías para os usuarios e o seu persoal, reducindo ao mínimo as actividades non imprescindibles e tomando todas as medidas encamiñadas a facilitar aos traballadores o teletraballo, así como o cumprimento de todas as normas e instrucións de seguridade publicadas ao respecto. Tal é o caso a Real Decreto - lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regulaba un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19, así como a Orde SND/307/2020, do 30 de marzo de carácter autonómico que desenvolvía o mencionado Decreto, xunto con diferentes instrucións ditadas ao respecto polas Xerencias das Áreas sanitarias

Neste contexto, e para garantir a seguridade de pacientes e traballadores, a Sociedade mantivo paralizada a actividade das tres unidades móbiles de resonancia magnética desde o 16 de marzo de 2020 ata mediados de abril, en que volveron reanudar os seus servizos.

Pola súa banda, a Unidade de Oncoloxía Radioterápica mantivo en torno ao 90-95% da súa actividade habitual aprazando únicamente as terapias para patoloxías benignas. A maioría das consultas de revisión leváronse a cabo por teléfono, citando de maneira presencial a aqueles pacientes nos que se detectaba algúna anomalía nas probas realizadas. En todo caso este servizo garantiu a atención a todos os pacientes que requirían un tratamento ineludible.

## FORMULACIÓN DE CONTAS ANUAIS E INFORME DE XESTIÓN

En proba de conformidade figurán a continuación as firmas de todo os membros do Consello de Administración da Sociedade que, en reunión celebrada o 13 de maio de 2020, formulan as Contas anuais de GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.U. que comprenden o balance, a conta de perdas en ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria ao 31 de decembro de 2019 e o informe de xestión, expostos nas 50 páxinas precedentes,e todo correspondente ao exercicio 2019.

D. Jesús Vázquez Almuíña  
Presidente

D. Antonio Fernández - Campa  
García - Bernardo  
Vogal

Dña. Margarita Prado Vaamonde  
Vogal

D. Andrés Paz-Ares Rodríguez  
Vogal

D. Jorge Aboal Viñas  
Vogal

Dña. María Jesús Piñeiro Bello  
Vogal

D. Alberto Fuentes Losada  
Vogal